

Ancianidade e Bio \times ética

 Consello de Bioética de Galicia  9:00 a 14:00 e 16:30 a 20:00  Salón de Actos da Consellería de Sanidade → Edificio Administrativo San Lázaro, s/n → Santiago de Compostela



08:30 ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN

09:00 **INAUGURACIÓN**
RELATOR > Jesús Vázquez Almuiña
Conseleiro de Sanidade

09:15 **PRESENTACIÓN**
RELATOR > José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia

CONFERENCIA DE APERTURA

09:30 **O futuro do coidado**

10:30 Ramón Morera i Castell → Societat Catalana de Medicina Familiar i Comunitària. Grupo de treball de Ètica

MESA REDONDA

10:30 **A mirada á ancianidade dende...**

MODERADORA → Irene Esperón Rodríguez → Consello de Bioética de Galicia

O Servizo Galego de Saúde
María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatría da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos
Rocío Malfeito Jiménez

O Servizo de xeriatría da EOXI de Vigo
Xosé Manuel Vega Andión

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía
José Carlos Millán Calenti

12:30

DESCANSO

PRESENTACIÓN DO DOCUMENTO

13:00 **Ètica, vulnerabilidade e ancianidade (CBG)**

14:00 Ana Guillén Vilanova → María Ponte García → Mónica Suárez Berea
→ Consello de Bioética de Galicia

14:00

DESCANSO

16:30

17:00

Pósteres

MODERADOR → Comité Científico → Consello de Bioética de Galicia

MESA REDONDA

17:00

19:00

A mirada á ancianidade dende...

MODERADORA → Carmen Soloso Blanco → Consello de Bioética de Galicia

A prevención
Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

A atención domiciliaria
Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

O centro de saúde
Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A intervención social
Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:00

DESCANSO

CONFERENCIA DE CLAUSURA

19:15

20:30

O valor do coidado

Victoria Camps → Universitat Autònoma de Barcelona

XORNADA

Ancianidade e Bioética

EDICIÓN BILINGÜE

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade-Secretaría Xeral Técnica- Consello de Bioética de Galicia
Santiago de Compostela
2018

Integran o CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA:

Rosendo Bugarín González

Natalia Cal Purriños

Ana Concheiro Guisán

Teresa Conde Cid

Olivia Díez Lindín

Irene Esperón Rodríguez

Ana Guillén Vilanova

Xurxo Hervada Vidal

Victoria Lojo Vicente

María Ponte García

Carmen Ramil Fraga

Antonio Rodríguez Núñez

Alberto Ruano Raviña

Silvia Sánchez Radío

José Antonio Seoane Rodríguez

Carmen Solloso Blanco

Mónica Suárez Berea,

Alfredo Valdés Paredes

Isabel Vila Iglesias

Edita_Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade

Secretaría Xeral Técnica-Consello de Bioética de Galicia

Lugar_Santiago de Compostela

Ano_2018

Deseño e maquetación_KRISSOLA DESEÑO, S.L.

9:00 → 09:15
INAUGURACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Berea

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

G

→ 7



→ 11



→ 17



→ 33



→ 35



→ 42



→ 43



→ 48



→ 57



→ 69

→ 79



→ 82



→ 89



→ 94



→ 96



→ 103



C

107 ←

ANCIANIDAD Y BIOÉTICA

Jesús Vázquez Almuíña

108 ←

ANCIANIDAD Y BIOÉTICA

José Antonio Seoane

111 ←

EL FUTURO DEL CUIDADO

Ramón Morera i Castell

118 ←

LA MIRADA A LA ANCIANIDAD DESDE...

Irene Esperón Rodríguez

119 ←

EL Servicio Gallego de Salud

María Sinda Blanco Lobeiras

123 ←

El Servicio de geriatría de la EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

123 ←

El Servicio de geriatría de la EOXI de Lugo, Cervo y Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

126 ←

La investigación universitaria (UDC) en gerontología

José Carlos Millán Calenti

130 ←

ÉTICA, VULNERABILIDAD Y ANCIANIDAD

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Berea

135 ←

PÓSTERS

Comité Científico

140 ←

LA MIRADA A LA ANCIANIDAD DESDE...

Carmen Solloso Blanco

141 ←

La prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

145 ←

El centro de salud

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

147 ←

La atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

149 ←

La intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

152 ←

EL VALOR DEL CUIDADO

Victoria Camps

**MODO DE
NAVEGACIÓN**

**Un clic nos capítulos
do índice** enlaza coa
páxina correspondente

**Un clic nos capítulos das
portadillas** enlaza coa
páxina correspondente



Un clic reproduce o
vídeo do relatorio

Bioética

Un clic nos pes
de páxina enlaza
co **índice**



Click de enlace

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Bera

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

09:00 → 09:15

INAUGURACIÓN

Inauguración

RELATOR → JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA
CONSELLEIRO DE SANIDADE

D. Alberto Fuentes Losada, secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, D.^a Beatriz Allegue Requeijo, xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), profesor D. José Antonio Seoane, presidente do Consello de Bioética de Galicia, equipo directivo, membros do Consello de Bioética de Galicia, profesionais, relatores, señoras e señores,

Bo día,

Moitas grazas a todos pola vosa presenza, e aos organizadores desta xornada na que abordaredes a través de conferencias e mesas redondas un tema de tanto interese como é Ancianidade e Bioética.

Segundo un estudo recente da Universidade de Washington os españois terán unha esperanza de vida de 85,8 anos no 2040, o que converterá a España no país con maior esperanza de vida do mundo.

O incremento da esperanza de vida, xunto co descenso das taxas de mortalidade e os baixos índices de natalidade, fan que teñamos unha poboación cada vez máis envellecida.

Este avellentamento vén motivado tamén polos avances científicos e tecnolóxicos que retrasan a morte e que modifican a evolución das enfermidades.

Na civilización occidental a posición e estima social das persoas anciás decreceu co paso dos séculos: de seren consideradas as máximas autoridades políticas, sociais e culturais, depositarias da memoria e a identidade da comunidade, pasouse á primacía da mocidade e da produtividade, quizais porque o valor da persoa deriva do que fai ou produce, e non do que é.

Bioética

Esta perspectiva sociolóxica coexiste cun modelo laboral, económico e produtivo coherente e cunha perspectiva demográfica que revela o envellecemento da poboación, o aumento da dependencia e a necesidade de cuidados.

Noutras palabras, o Sistema de Saúde de Galicia debe ofrecer respostas ás distintas necesidades da poboación anciá.

Polo tanto, cómpre felicitar o Consello de Bioética de Galicia pola elaboración do documento de recomendacións que presenta hoxe, 'Ética, vulnerabilidade e ancianidade', que contén suxestións para mellorar o coidado das persoas anciás e, como subliñan repetidamente, das persoas cuidadoras, tamén afectadas pola vulnerabilidade.

Hoxe vivimos máis e por iso buscamos non só tempo de vida senón a calidade dese tempo de vida.

Os nosos, permítanme que utilice o term maiores, precisan cada vez de máis cuidados e desde o sistema sanitario estamos adaptándonos a esas novas necesidades, mellorando e estendendo a hospitalización a domicilio; impulsando a atención domiciliaria e a atención non presencial utilizando as novas tecnoloxías (fogar dixital, Telea, e-saúde).

No novo Programa FID (Fondo de Innovación Empresarial desde a Demanda), o Sergas participa co Plan de innovación CÓDIGO100. O obxectivo deste plan é preparar o sistema de saúde para responder aos desafíos que presenta unha sociedade cada vez máis envellecida.

Bioética

A día de hoxe o Sergas presta asistencia a 2,7 millóns de pacientes, un 23 % deles maiores de 65 anos, e por tanto a xestión dunha poboación altamente envellecida e dispersa supón un verdadeiro desafío para un Sistema Público de Saúde, o de Galicia, que busca novas solucións e tecnoloxías para manter o superar os niveis de calidade da atención sanitaria que presta.

Somos conscientes da responsabilidade da Administración sanitaria, e de toda a Administración pública, para deseñar políticas que eviten ou diminúan a vulnerabilidade dos pacientes anciáns e dos seus cuidadores e cuidadoras, e garantir o respecto de valores como a dignidade, a autonomía, a intimidade, a igualdade, a seguridade, o benestar, a xustiza.

Estamos moi orgullosos dos nosos maiores e seguiremos traballando para mellorar a súa cantidade e calidade de vida.

Moitas grazas.

Jesús Vázquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade
Consellería de Sanidade, Venres, 25 de outubro de 2018

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Berea

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

09:15 → 09:30

PRESENTACIÓN

Ancianidade e Bioética

RELATOR → JOSÉ ANTONIO SEOANE

PRESIDENTE DO CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

I

Benvidos á xornada anual do Consello de Bioética de Galicia, “Ancianidade e Bioética”, que continúa a xornada de 2017, pois xunto á ancianidade hoxe comparecen de novo a vulnerabilidade e o coidado.

II

Como en ocasións anteriores, habemos de agradecerlle á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao conselleiro D. Jesús Vázquez Almuíña, o seu apoio e a súa presenza na inauguración desta xornada, agradecemento que facemos extensivo á Secretaría Xeral Técnica e ao seu titular, D. Alberto Fontes Losada. Transmitimos tamén a nosa gratitude á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), representada pola súa xerente, D.ª Beatriz Allegue Requeijo, pola súa colaboración no desenvolvemento e a execución das actividades do Consello.

O noso recoñecemento esténdese aos conferenciantes, os relatores, as presentadoras e as moderadoras, así como aos autores dos pósteres, que garanten a pluralidade da xornada e amplían o horizonte bioético galego; e tamén a todos os asistentes e ao resto de persoas que contribuíron á realización desta xornada e á presentación dos nosos documentos.

Finalmente, a título máis persoal, agradézolle á secretaria, aos vogais e ás miñas compañeiras do Consello de Bioética de Galicia poder compartir estas actividades e esta experiencia.

III

A xornada é, dunha parte, unha invitación e un acto de acollida a todas as persoas e institucións interesadas na Bioética e, concretamente, na situación das persoas anciás. Como anfitrión, o Consello goza coa posibilidade de aprender de quen ocupe esta mesa, presente os seus pósteres, interveña desde o auditorio ou, simplemente, dialogue ao longo do día.

Bioética

Doutra, a xornada é o momento de compartir en público os resultados máis destacados do Consello durante os últimos meses, en especial o seu terceiro documento de recomendacións, *Ética, vulnerabilidade e ancianidade*, que anunciamos na xornada que tivo lugar hai un ano e que hoxe presentaremos tras un difícil e instrutivo percorrido. A el referiranse detalladamente as miñas compañeiras Ana Guillén, María Ponte e Mónica Suárez ao final da mañá.

Un segundo resultado, de carácter formativo, é a proposta de tres cursos básicos sobre os temas dos nosos documentos de recomendacións: conflito de intereses, confidencialidade no acceso e o uso da documentación clínica, e o coidado da poboación anciá vulnerable, que están previstos para o próximo ano 2019, dentro da oferta da ACIS.

E como en anos anteriores, outra actividade significativa do Consello é esta xornada, enmarcada pola conferencia de apertura, *O futuro do coidado* (Ramón Morera), que introducirá e contextualizará a cuestión anticipando cal pode ser o rumbo da atención das persoas anciás vulnerables, e pola conferencia de clausura, *O valor do coidado* (Vitoria Camps), que poñerá o acento na dimensión ética e reflexionará sobre o coidado desde unha perspectiva non sanitaria.

A nosa concepción deliberativa da Bioética busca outras miradas diferentes á ancianidade e ao seu coidado. Na mesa redonda da mañá compartiremos a perspectiva do Servizo Galego de Saúde (M.^a Sinda Blanco Lobeiras), dos dous servizos de Xeriatria das EOXI galegas: Vigo (Xosé Manuel Vega Andión) e Lugo, Cervo e Monforte de Lemos (Rocío Malfeito Jiménez), e da investigación universitaria –en concreto da Universidade da Coruña– en Xerontoloxía (José Carlos Millán Calenti). Despois, a mesa redonda da tarde ofrecerá catro novas perspectivas asistenciais e terri-

Bioética

toriais, desde a prevención (Iñaki Martín Lesende), o centro de saúde (Joám Casas Rodrigues), a atención domiciliaria (Xavier Bayona Huguet (Cataluña) e a intervención social (Brígida Argote Martínez de Lagrán).

Ademais, poderemos debater cos autores dos seis pósteres que abrirán a sesión de tarde e, como anticipei, completaremos a xornada coa presentación e o debate do novo documento de recomendacións do Consello de Bioética de Galicia, *Ética, vulnerabilidade e ancianidade*.

IV

Hai tres anos, a Orde da Consellería de Sanidade do 16 de outubro de 2015 fixou as características do Consello de Bioética de Galicia como órgano colexiado, permanente, consultivo, interdisciplinar e independente cuxa misión é asesorar a Administración e os profesionais da saúde, promover a formación bioética e a consideración da Bioética como criterio de calidade e boa práctica profesional, e contribuír á información e favorecer o debate cívico sobre as dimensións éticas da práctica asistencial.

Advírtase que o Consello non é un órgano executivo senón meramente asesor de quen ten a capacidade e a obriga de executar; é dicir, un órgano de reflexión ou, en termos máis afíns á Bioética, un órgano de deliberación. Así o entendemos e así o practicamos, cobrando conciencia do atributo máis importante e máis difícil do deliberar, a humildade, sen a cal non seríamos capaces de concluír o noso último documento, cuxos argumentos, conclusións e recomendacións escoitarán hoxe de modo resumido e poderán ler e coñecer en detalle se acceden á nosa páxina web.

V

Diciamos hai un ano que quen non coida e non é coidado non é plenamente humano. Hoxe debemos ampliar a perspectiva e examinar a rea-

Bioética

lidade desde unha perspectiva mesoética e macroética, subliñando a dimensión política no seu sentido xenuíno: un sistema de saúde e unha sociedade que non coidan non perdurarán e, máis aínda, corromperanse moralmente.

Tomando prestada a expresión de María Ángeles Durán¹, a *riqueza invisible do coidado* alértanos do seu descoido e a súa mercantilización e interpélanos eticamente. Non se trata dunha afirmación retórica, pois o coidado da saúde e a resposta á vulnerabilidade das persoas anciás teñen carácter transversal. Xa que logo, non nos diriximos só á sanidade senón tamén ás políticas sociais, laborais, económicas e tributarias, educativas etc.

Garantir a saúde como oportunidade de vida, como capacidade para participar na comunidade e desenvolver unha vida significativa esixe a intervención de todos para eliminar as desigualdades inxustas, é dicir, as inequidades evitables e involuntarias que incrementan a vulnerabilidade. Se se permite a analoxía, isto esixe intervir nos determinantes sociais da vulnerabilidade, que son as circunstancias nas que as persoas nacen, crecen, viven, traballan e envellecen. Hai que ir máis aló da sanidade e renovar as prioridades e a arquitectura das nosas sociedades para promover un coidado xusto da vulnerabilidade desde as institucións.

VI

A persoa que asume a responsabilidade do benestar físico, intelectual e afectivo doutra persoa é unha coidadora². É esta unha afirmación ambiciosa e esixente, que tamén podería enunciarse así: é coidadora a persoa que contribúe á felicidade doutra. Evitamos así a ambigüidade do ter-

1 M. Ángeles Durán, *La riqueza invisible del cuidado*, Valencia, Universitat de València, 2018.

2 Ibid., 148.

Bioética

mo “benestar” pero incorremos na polisemia da “felicidade”, que se di de moitas maneiras³.

Para despexar esta incógnita finalizo cunha visita á Antiga Grecia acompañado de Emilio Lledó. Para asegurar a existencia fráxil e inestable das persoas, a felicidade ou a vida plena (*eudaimonía*) alimentábase entón de bens materiais; esta preocupación polo “benter” probaba a estrutura corporal e indixente da existencia. Pero a linguaxe e as palabras foron descubrindo un universo máis abstracto e un sentimento parecido ao “benestar”, que non xurdía pola seguridade das cousas ou bens que tiñamos. O “benestar” transformouse en “benser”, e o mundo das cousas mudou en mundo dos sentimentos. Xa non bastaba con respectar a corporeidade senón que se necesitaba o alimento da vida como “enerxía e alegría”, que ao ser algo esencial para todos os seres humanos reclamaba unha política de igualdade, amizade, xustiza e a posibilidade de convivir. Con todo, este sentimento de equilibrio e acougo interior tamén é vulnerable e está permanentemente ameazado porque, “efectivamente, é imposible a felicidade se a mirada descobre, ao redor da vida individual, a enfermidade social e a corrupción que estraga a vida colectiva”⁴.

Oxalá que esta xornada nos ensine a mirar eticamente a vulnerabilidade das persoas anciás e a atopar os camiños adecuados para o seu coidado.

José Antonio Seoane
Presidente do Consello de Bioética de Galicia
Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

3 Aristóteles, *Ética a Nicómaco* I 1095a 14-30.

4 Emilio Lledó, *Elogio de la infelicidad*, Valladolid, Catro, 2005, p. 14.

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Bera

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

09:30 → 10:30

CONFERENCIA
DE APERTURA

O futuro do coidado

RELATOR → DR. RAMÓN MORERA I CASTELL

MÉDICO DE FAMILIA

MEMBRO DE LA SOCIEDAD CATALANA DE MEDICINA FAMILIAR (CAMFIC)

E DA SOCIEDAD ESPAÑOLA DE DIRECTIVOS DE ATENCIÓN PRIMARIA (SEDAP)

Agradézolle ao “Consello de Bioética de Galicia” a oportunidade de compartir algunhas consideracións con relación ao futuro dos coidados ás persoas maiores. Non se trata máis que duns apuntamentos e reflexións persoais, iso si, despois de explorar distintas realidades e distintos autores e de aproveitar a miña experiencia profesional neste ámbito. Desde o meu punto de vista, é inevitable o rumbo de traballar desde hai máis de 30 anos como médico de familia no sistema sanitario público. Unha mirada próxima á realidade do paciente e da súa contorna pero inevitablemente médica.

A cuestión sobre o futuro dos coidados é moi relevante pero nada fácil de responder.

Woody Allen en Annie Hall dicía frases tan acertadas, con relación ao envellecemento, como: *“Interésame o futuro porque é o sitio onde vou pasar o resto da miña vida”*. E non só ao Sr. Allen, creo que a todos os que estamos comprometidos dalgún modo na atención de persoas maiores nos interesa especialmente. E tamén dicía: *“Non me importa envellecer, a alternativa é peor”* ou *“Non é que me asuste a morte, simplemente non quero estar aí cando ocorra”*, referíndose á morte, tema que na súa filmografía está moi presente.

Bioética

A ancianidade está asociada, frecuentemente, á vulnerabilidade, á dependencia, á necesidade de coidados e á perda de saúde por enfermidades crónicas, o que agora os servizos sanitarios etiquetan como pacientes con enfermidades crónicas complexas ou simplemente pacientes crónicos complexos (PCC). E sempre a ancianidade está asociada á morte.

Por tanto, tócame falar sobre os coidados e especialmente sobre o futuro dos coidados. E tamén o vou facer sobre a proposta de mellora do noso modelo sanitario, que ten como obxectivo dar mellor resposta sanitaria, por parte das administracións e os profesionais, ás persoas maiores. E tentarei apuntar os principais retos éticos no coidado destas persoas.

Tamén me toca reflexionar sobre o proceso de final de vida e sobre a morte. E reflexionar sobre a morte digna ou os coidados ao final da vida; e entrarei no debate sobre a eutanasia e o suicidio asistido, debate que volve estar presente na nosa sociedade, como mínimo no ámbito político e sanitario.

O futuro dos coidados

A nosa sociedade cambia rapidamente e non é necesario argumentalo, vivímolo todos. Cambios demográficos, sociais, do modelo de familia, tecnolóxicos, de estilos de vida... En moitos países como o noso, a esperanza de vida prolongouse extraordinariamente. Xapón e España son os países con maior esperanza de vida entre os países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), segundo [Health at a Glance 2017](#), o informe máis recente de saúde da dita entidade.

Xapón ten 83,9 anos de esperanza de vida, mentres que os habitantes de España e Suíza poden chegar a vivir, en media, 83 anos; e son as mulleres as que

ética

teñen unha esperanza de vida uns 5 anos superior aos homes. Aínda que non é a realidade de todo o mundo, e unha mostra é Rusia onde, hai poucas semanas, prolongaron a idade de xubilación dos homes ata os 65 anos, pero é que alí a esperanza de vida dos homes no 2017 era de 66,5 anos.

Cambia a sociedade e os coidados tamén evolucionan e evolucionarán pero, quizá, non o están facendo á velocidade que as nosas comunidades precisan. Como sociedade somos suficientemente conscientes? As dinámicas da familia moderna e as administracións: son capaces de lle dar resposta ao reto de coidar adecuadamente as persoas maiores?

Véndoo como médico de familia, notamos que actualmente, e nun futuro aínda máis, moitas das persoas maiores viven soas ou cunha parella tan ou máis maiores, fráxiles e vulnerables ca eles. Non sabemos moi ben quen cuida a quen. Poucos teñen cuidador; quizais algúns si contan con axuda da familia. Algúns, un cuidador non profesional. A maioría dinos que non quere molestar os seus fillos. E todos, que queren estar na súa casa ata o final da vida. En 30 anos de práctica, poucas persoas me dixeron que quixesen morrer nun hospital. E moi poucas decidiron libremente ingresar nunha residencia ou nun centro sociosanitario. De feito, moitos piden non ter que ir a Urgencias ou a consultas do hospital, porque "é territorio hostil", que tantos médicos e aparellos os angustian e non se poden permitir pedir que os acompañen tantas veces.

O reto está servido e é a todos os niveis:

Os nosos modelos de familia cada día contemplan menos o asumir o coidado das súas persoas maiores. Volveuse "un problema". As administracións, impersoais e burocráticas, e as políticas ás veces acertadas, como puido ser a Lei de dependencia de Zapatero, pero habitualmente lentas

Bioética

e con falta de recursos, son insuficientes para dar respostas adecuadas. Os sectores económicos, si xeran avances biomédicos, tecnolóxicos e sociosanitarios, pero como oportunidades de negocio para novos “consumidores” máis que como oportunidades de servizo integral ás persoas. E temos un modelo sanitario centrado no hospital, e é difícil de reorientar, pero o hospital non é en absoluto a resposta sanitaria que precisan nin desexan as persoas maiores que necesitan servizos sanitarios.

As experiencias en distintos países á hora de buscar estratexias para mellorar o coidado das persoas maiores

Francia optou pola economía do “servizo á persoa”, xerando máis de 330 000 empregos desde 2005 tras poñer en marcha unha medida incentivadora: 50 % dos gastos incorridos neste tipo de actividade son directamente reducidos do IRPF.

Os valores do modelo nórdico entenden que o estado debe cubrir as necesidades básicas da cidadanía. A asistencia sanitaria e social universal e gratuíta. Non hai cultura de asistencia informal por parte dos familiares. Os obxectivos é que as persoas maiores e persoas con dependencia, están orientados a mantelas no seu domicilio. A competencia de executar o modelo é municipal.

En Xapón a solución robótica, pola súa banda, foi a elección do Goberno xaponés, obrigado polas súas circunstancias demográficas e o seu rexeitamento á inmigración. En 2025 o país asiático terá un 30 % de maiores de 65 anos entre a poboación total. Dentro da iniciativa Sociedade 5.0, o Goberno decidiu impulsar unha política que aumente a aceptación por parte da comunidade de novos ro-

ética

bots de axuda de forma que cada catro de cinco persoas maiores estea a utilizalos xa en 2020. Os rápidos avances tecnolóxicos ofrecen grandes oportunidades pero non solucións definitivas.

En España temos un modelo social con menores gastos en asistencia e cun forte desembolso en pensións, caracterizado por unha pirámide poboacional moi envellecida e sostida por vínculos e redes familiares. Un modelo que fomenta a atención e os coidados informais e que a responsabilidade a asuma a familia. Cunha falta de recursos, falta de profesionalización e precarización do sector dos coidados a domicilio. Como noutros países da Europa continental, contamos con servizos sanitarios municipais de axuda en domicilio. Estes só cobren parcialmente unha pequena parte das necesidades. Doutra banda, contamos coas axudas económicas do Goberno, xurdidas da Lei de dependencia; estas axudas teñen un principio de contención do gasto, permitindo unicamente financiar unha parte dos servizos coa intención de que o usuario cofinancie. Con todo, os usuarios tenden a solicitar máis a prestación económica que os servizos profesionalizados, sendo este un punto débil do modelo. Non debemos obviar que se carece dalgunhas estruturas e servizos desenvolvidos entre elas, vivendas tuteladas ou apartamentos con servizos específicos para persoas maiores ou o desenvolvemento de empresas que presten servizos integrais a domicilio e que dean resposta ás necesidades específicas de cada persoa.

En canto ao modelo de atención sanitaria, o modelo actual NON dá resposta adecuada ás necesidades. En primeiro lugar, a atención ha de prestarse fundamentalmente na comunidade e no domicilio das persoas por proximidade física e psicolóxica e hase de evitar o fraccionamiento da atención e favorecer a lonxitudinalidade. Os equipos de atención primaria (EAP) dos centros de saúde han de evolucionar, o equipo de profesionais ha de ser e traballar de forma máis interdisciplinar e, por exemplo, contar con fisioterapeutas propios. Hase

Bioética

de avanzar no obxectivo de que as enfermeiras de familia desenvolvan toda a súa capacidade competencial e poidan ser o referente na atención sanitaria destas persoas co apoio do médico de familia do paciente. Para isto, na organización do traballo diario no centro é imprescindible a priorización da atención no domicilio. Se pode ser, dispoñer diariamente de parte do horario laboral para atender pacientes en domicilio e para seguimento telefónico ou para a coordinación interdisciplinar. Tamén é fundamental que entre os profesionais do EAP se desenvolvan os roles de “expertos ou consultores interno” que lles poidan dar apoio aos seus compañeiros, no ámbito enfermeiro como xestión de casos e no médico como referente na atención de procesos complexos e apoio na atención a domicilio para poder dar unha resposta áxil, na comunidade, aos pacientes con complicacións que requiren dunha atención máis intensa e diaria ata a súa estabilización (coma se fose o que no ámbito hospitalario definen como ingreso en domicilio). Tamén é necesario desenvolver os servizos de atención continuada/urxencias de atención primaria, dotándoos da máxima capacidade diagnóstica e terapéutica (en Catalunya a fórmula son os centros de urxencias de atención primaria CUAP) e desenvolver unidades supra Área Básica de Saúde que dean resposta telefónica sanitaria e atención a domicilio fóra do horario das EAP, pero específicos para este colectivo de persoas.

Ser médicos ou enfermeiras de atención primaria consiste, precisamente, en manexar situacións complexas, desde unha perspectiva global. O manexo dun paciente que acumula varias patoloxías orgánicas evolucionadas debe atopar no equipo de atención primaria a este profesional que, sabendo un pouco de todo é capaz avaliar interaccións, priorizar necesidades e facer plans de coidados integrados.

Bioética

Aspectos éticos

Moitos son os retos éticos no coidado das persoas maiores como a competencia e o reto de respectar as decisións, o consentimento informado en persoas maiores, o respecto á intimidade e o deber de confidencialidade dos profesionais, as suxeicións físicas, os malos tratos ou tratos inadecuados, a obstinación terapéutica ou a morte digna entre outros. Seguro que ao longo das distintas intervencións da xornada, todos serán abordados acertadamente.

A continuación, expoño o meu punto de vista sobre algúns deles.

→ **A vontade do paciente**

En primeiro lugar, está o gran reto de respectar as decisións do paciente, que moitas veces decide “non seguir o que lle recomendamos”, sen caer no abandono. Temos o deber de non abandonar. Esta é unha situación para a que non estamos demasiado preparados, e se o paciente percibe pola nosa reacción que lle rifamos ou que non o atendemos ben, diranos o que queremos oír, e todo iso transformárase nun grande engano. Hai que abordar con sinceridade, lealdade e respecto, a capacidade e a vontade do paciente á hora de facer cambios na súa maneira de vivir e pactar a súa factibilidade. Se non fai o tratamento ou non pensa facelo, máis vale sabelo de entrada e aceptalo.

En moitos casos, dado que moitos dos pacientes maiores non ven ben, non oen moito, non se moven con axilidade e a deterioración cognitiva vai evolucionando, chega un momento en que te dás conta de que non se poden facer cargo de si mesmos ou necesitan axuda externa porque se fan unha lea cos medicamentos... E, moitos, non o queren recoñecer. Este tamén é un dilema: a competencia para tomar as decisións. Como saber cando chegamos ao

Bioética

límite? En que momento debemos decidir actuar por substitución? Cando saltarnos o deber de segredo e contactar cos fillos ou o asistente social, en beneficio do paciente?

→ O dilema final

Aínda que poucos pacientes teñen un documento de vontades anticipadas (DVA) escrito, os médicos de cabeceira coñecemos en moitos casos cales son as súas vontades, porque, cos anos, destas cousas falamos na consulta. O problema preséntase á hora de cumprilas. Case todo o mundo desexa tres cousas: non sufrir, non dar traballo e estar na súa casa. O de non sufrir dor ou síntomas físicos (o sufrimento moral é outra cousa) é o máis fácil de abordar. O tema de non dar traballo xa é máis complicado. Moitas veces, o paciente ten un alto nivel de dependencia e necesita coidados, e non ten a ninguén de quen recibilos. Os fillos non poden, ou non están, ou non hai. A parella é fráxil ou non hai. Desgraciadamente, máis veces das que desexariamos, un paciente acaba morrendo nun hospital ou pasando os últimos anos da súa vida nunha residencia, porque non está resolto o tema do coidador.

→ A morte

Estar a morrer, estar na fase final da vida é algo máis que un feito biolóxico e médico. É unha experiencia humana radical para quen a vive, e para quen coida e acompaña ao paciente. Algunhas das cuestións éticas máis desafiantes están presentes no momento do coidado e a toma de decisións sobre as persoas ao final da vida.

→ Marco deontolóxico actual

"O médico debe ter en conta que o enfermo ten o dereito de rexeitar o tratamento para prolongar a vida". "O obxectivo da atención ás persoas en

1 Bioética

situación de enfermidade terminal non é acurtar nin alongar a súa vida, senón o promover a súa máxima calidade posible. O tratamento da situación de agonía debe pretender evitar o sufrimento e a angustia". "O médico nunca provocará intencionadamente a morte de ningún paciente, nin sequer en caso de petición expresa por parte deste". "A sedación na agonía é científica e eticamente correcta. Só cando existen síntomas refractarios aos recursos terapéuticos dispoñibles e se dispón do consentimento do paciente implícito, explícito ou por delegación".

A atención lonxitudinal que prestamos ao longo da vida sitúanos, como médicos de familia, nun lugar adecuado para prestar unha atención de calidade técnica e humana cando a vida se acaba. Dispoñemos de competencias técnicas, de ampla información sobre a biografía do paciente, tanto biolóxica, como social ou familiar, incluídos os seus valores, preferencias e expectativas. Temos unha relación de confianza tecida ao longo de anos e de múltiples e diversas situacións.

Como médicos de familia, a consideración para os nosos pacientes obríganos a coñecer os seus valores, a coñecer que cuestións outorgan sentido ás súas vidas, a colaborar na súa promoción, a deliberar sobre os plans de coidado e a considerar con respecto as súas decisións aínda que sexan diferentes das que nós tomaríamos.

Como sempre, hai que centrarse no paciente, tendo en conta neste caso a súa fragilidade extrema e a súa gran dependencia, circunstancias que o poñen nunha situación de máxima asimetría tanto nas relacións sociais como nas relacións cos sanitarios. Con todo, o seu valor como persoa e a súa dignidade non se modifican.

Bioética

→ **A conspiración do silencio**

Na nosa contorna cultural, a miúdo, a familia quere protexer ao paciente ocultando un diagnóstico de mal prognóstico. Toda a familia “conspira” para conseguir que o paciente non coñeza a verdade. E faino coa intención de evitalle un sufrimento excesivo ao paciente. Debemos procurar conseguir que a familia se convenza de facilitarlle ao paciente a información que necesite; en último termo, a nosa primeira lealdade é cara ao paciente e se é necesario, teremos que lle manifestar á familia que non podemos negarlle ao paciente unha información que lle pertence. En resumo, o paciente ten dereito a saber a verdade, pero non está obrigado a ser informado de toda a verdade!

→ **A obstinación terapéutica**

A obstinación terapéutica consiste en utilizar medidas diagnósticas ou terapéuticas que non produzan ningún beneficio ou con beneficios tan limitados que poidan considerarse futís. De feito, pode comezar moito antes de que a morte se achegue: xa na fase de envellecemento da persoa. A miúdo está influída polas dificultades na aceptación do proceso de morrer, a contorna “curativo”, a falta de formación, as demandas de paciente e familia ou a presión para o uso de tecnoloxía.

Entre as súas consecuencias podemos destacar a frustración de profesionais e pacientes, a ineficiencia por uso inadecuado de recursos e, sobre todo, a probable maleficencia sobre o paciente (os efectos secundarios das nosas actuacións).

A obstinación terapéutica ten unha connotación claramente relacionada coa tecnoloxía e o ámbito hospitalario. Nesta contorna, a miúdo a última etapa

ética

da vida acompáñase dun importante uso de recursos: humanos, tecnolóxicos e farmacolóxicos. Moitas veces, esta tendencia para “facer” en lugar de “acompañar” contaxia a actuación da atención primaria; nela o empeño ten un claro equivalente no uso inadecuado dos servizos hospitalarios, particularmente os de urxencias, así como o mantemento de medicamentos que deixaron de ter sentido (por exemplo, hipolipemiantes).

Tamén serían bos exemplos de obstinación terapéutica no domicilio do paciente o tratamento etiolóxico de infeccións sobrevidas ou, mesmo, o uso de medidas paliativas innecesarias (morfina con dor controlada e sen dispnea, sedación en paciente que non a pide nin necesita etc.¹

1 “ACOMPÑAR ATA A MORTE”, Camfic, Grupo de Ética. http://gestor.camfic.cat/uploads/item_543_EBLOG_1856.pdf

No documento tamén incorporo reflexións do Grupo de Ética de a Camfic, e de distintos compañeiros do mesmo: Dra. Marquet, Dr. Reguant e Dra. Fernández de Sanmamed

Bioética

→ A eutanasia

O debate sobre a eutanasia é un debate difícil, radical e que en moi poucos países se desenvolveu e lexislou como dereito. A política ha de saber reflectir a realidade social en cada momento e lexislar en consecuencia. Aínda que nunca será compartido por todos.

Nas definicións arredor deste tema, con moita frecuencia atopámonos con polisemias, polo que reviso as definicións de 4 conceptos relacionados.

- **Eutanasia:** Aínda que a palabra procede do grego e significa literalmente “*boa morte*”, actualmente defínemola como “*Accións realizadas por outras persoas, a petición expresa e reiterada dun paciente que padece un sufrimento físico ou psíquico como consecuencia dunha enfermidade incurable e que el vive como inaceptable, indigna e como un mal, a fin de causarlle a morte de maneira rápida, eficaz e indolora para evitarlle máis sufrimento*”.
- **Suicidio asistido ou auxilio ao suicidio:** “*Acción dunha persoa que padece unha enfermidade irreversible para acabar coa súa vida e que conta coa axuda doutra persoa que lle proporciona os coñecementos e os medios para facelo*”. Cando a persoa que axuda é o médico, falamos de suicidio medicamente asistido.
- **Limitación do esforzo terapéutico:** “*Abandono ou non inicio de tratamentos que teñan por finalidade prolongar a vida*”. Actualmente fálese máis de adecuación do esforzo terapéutico.
- **Sedación na agonía (ou terminal):** “*Consiste na diminución deliberada da conciencia do paciente con administración de fármacos que producen sedación profunda, co obxectivo de evitar un sufrimento insustentable, provocado por síntomas refractarios a outros tratamentos*”. A sedación é un recurso terapéutico máis

ética

e, por tanto, eticamente neutro. O que fai que sexa aceptable ou reprobable é o fin que busca e as circunstancias en que se aplica. A boa práctica implica coñecer as indicacións: sufrimento refractario en momentos próximos á morte. Hai que coñecer os tipos e doses de fármacos a usar e axustar as doses.

Moitos son os argumentos, relixiosos e éticos para non despenalizar a eutanasia pero o principal argumento a favor da despenalización e da legalización da eutanasia/suicidio asistido baséase na autodeterminación dos cidadáns libres. Nunha sociedade moderna na que existe diversidade de pareceres sobre cuestións morais, as leis non lles deberían impedir aos habitantes dun determinado país decidir cando consideran que a súa vida carece xa de sentido e, por tanto, a posibilidade de elixir o momento de poñerlle fin. Non se trata de lle impoñer nada a ninguén, senón de permitir que cada un poida escoller segundo a súa conciencia; e, por tanto, que aqueles que chegados a un estado crítico de saúde queiran acabar coas súas vidas, teñan o dereito de facelo. O debate está servido.

Conclusiones

O futuro dos cuidados das persoas maiores e, especialmente, as dependentes non está resolto, continúa sendo un reto. É transcendente que a todos os niveis se siga reflexionando e traballando para mellorar o cuidado das persoas maiores, coa definición dun modelo que sexa abordado desde as diferentes dimensións, que pase polo incremento dos recursos sociais, a profesionalización das persoas cuidadoras e a reorientación dos servizos sanitarios, cara á atención primaria, dotándoos de recursos. Os datos demográficos, continúan indicando que estas necesidades serán crecentes, por iso é necesario definir un modelo transversal, coordinado e desenvolvido desde a proximidade. Co obxectivo pos-

Bioética

to en garantir calidade de vida dos nosos maiores, atendendo ao obxectivo de facilitar que se este é o seu desexo, a persoa maior poida seguir vivindo na comunidade e só restrinxir as necesidades de institucionalizar en situacións excepcionais. O papel da familia é importante, pero esta ha de contar con máis apoio das administracións, que axude a garantir a igualdade de oportunidades.

A calidade de vida, evidentemente tamén pasa polas súas últimas decisións, que desde esta vertente de proximidade, de coñecemento que permite a atención primaria desenvolve un nivel que pode axudar á autodeterminación dos cidadáns. Son múltiples os aspectos éticos no coidado das persoas maiores e esencial que impregnen todas as dimensións deste.

Castelldefels, setembro 2018

ética

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Bera

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

A mirada á ancianidade desde...

10:30 → 12:30

MESA REDONDA

MODERADORA → IRENE ESPERÓN RODRÍGUEZ
CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

Bos días,

O meu nome é Irene Esperón Rodríguez, pertenzo ao Consello de Bioética de Galicia e ao Comité de Ética da EOXI de Vigo.

Teño a honra hoxe de moderar a primeira mesa destas xornadas nas que nos propuxemos unha intensa xornada de reflexión acerca da Bioética no colectivo das persoas anciás. O noso interese xorde da necesidade de dirixir a mirada desde o prisma ético a un colectivo que, polas súas características e circunstancias, precisa de consideracións especiais.

Os avances médicos permitiron no último século aumentar a supervivencia da poboación, cada vez hai máis persoas lonxevas, que supoñen un reto para a Sanidade Pública, tanto desde o punto de vista asistencial como de planificación sanitaria. Neste contexto onde necesariamente a Bioética ha de “inspirar” e “iluminar” todos estes procesos.

Bioética

Agradézzolles ás persoas que darán sentido a esta mesa o feito de que estean hoxe aquí, grazas en nome de todo o Consello por aceptar a nosa invitación. A través deles dirixiremos a mirada no ámbito que nos ocupa desde o Servizo Galego de Saúde, na persoa de María Sinda Blanco Lobeiras; desde a Xeriatria con Xosé Manuel Veiga Andión e Rocío Malfeito Jiménez; e desde a Investigación Universitaria con José Carlos Calenti.

Brevemente volos presento:

María Sinda Blanco Lobeiras. Médica especialista en Medicina Familiar e Comunitaria. Durante máis de 20 anos exerce como médica de familia dentro do Sergas en distintos dispositivos sanitarios. De 2009 ata a actualidade ocupou distintos cargos de responsabilidade dentro do Sergas na área de Santiago de Compostela, e actualmente é subdirectora xeral de Planificación Asistencial da Consellería de Sanidade de Galicia.

Xosé Manuel Vega Andión. Médico especialista en Xeriatria. Desde o 2008 e ata a actualidade desempeña o seu labor na EOXI de Vigo.

Rocío Malfeito Jiménez. Médica especialista en Xeriatria. Desde o ano 2005 ata a actualidade desempeña o seu labor no Complexo Universitario Hospitalario de Lugo.

José Carlos Millán Calenti. Catedrático de Xeriatria e Xerontoloxía e director do grupo de investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña (UDC). Investigador principal de 48 proxectos de concorrencia competitiva dos cales 7 foron internacionais. Ademais, é director asistencial do Complexo Xerontolóxico La Milagrosa.

Bioética

1.1 ...O Servizo Galego de Saúde

RELATORA → MARÍA SINDA BLANCO LOBEIRAS

Galicia está, no momento actual, entre as poboacións máis lonxevas do mundo. A lonxevidade, incrementouse de xeito moi importante ao longo do pasado século, e no que levamos deste, na nosa comunidade autónoma.

O envellecemento da nosa poboación é dos máis altos de España e Europa. E ademais, segundo indican as proxeccións, o dito envellecemento poboacional continuará aumentando nos próximos anos.

No ano 2017, a poboación de 65 ou máis anos era en Galicia de 24,6 % (fronte ao 19 % do Estado). As proxeccións para o 2031 sitúan esas porcentaxes no 31,3 para Galicia e no 25,6 para todo o Estado. Polo tanto, Galicia está hoxe nunha situación similar á que terá España dentro de máis de 10 anos.

A esperanza de vida da poboación galega aos 65 anos é aínda de 21,2 anos, sendo 19,0 para os homes e 23,1 para as mulleres.

Bioética

O índice de envelhecimento sufrirá tamén un incremento progresivo nos próximos anos: dende 153,7 do ano 2016, ata 232,7 que nos indican as proxeccións para o ano 2031.

Polo tanto, o envelhecimento progresivo dos galegos é un feito incuestionable.

Sería un prexuízo considerar que as persoas anciás son todas persoas enfermas ou con discapacidades –idade non é sinónimo de enfermidade–, pero é certo que a idade vai emparellada cunha maior prevalencia de enfermidades crónicas, polimedicación, fraxilidade...

De feito, na Enquisa nacional de saúde 2017, a percepción dun estado de saúde positivo é menor a maior idade. Se entre os 25 e os 64 anos o 75,3 % da poboación ten unha percepción favorable da súa saúde, no grupo de 65 e máis anos esta porcentaxe baixa ao 45,38 %. Ademais, a maior parte das enfermidades ou problemas de saúde autodeclarados aumentan coa idade, cun chanzo importante tamén a partir dos 65 anos.

Por outra banda, en Galicia, o 22,48 % das persoas declaran limitación para as actividades cotiás nos últimos seis meses, e o 66,41 % indican que consumiron medicamentos nas dúas últimas semanas.

Bioética

A información da estrutura demográfica é fundamental para as tarefas de planificación estratéxica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, que están traballando cara á necesaria adaptación organizativa do sistema sanitario a esta realidade do envellecemento poboacional e do peso social da ancianidade.

Así,

O documento estratéxico do Servizo Galego de Saúde, a **ESTRATEGIA SERGAS 2020**, recolle aspectos con importantes repercusións na atención ás persoas anciás.

A liña estratéxica de atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e cuidadores, recolle como primeiro punto a posta en valor da atención primaria. A atención ás persoas de idade ocupan unha boa parte da xornada de traballo do persoal deste nivel asistencial.

Fomentar a participación dos profesionais sanitarios nas intervencións comunitarias está recollido nas formulacións estratéxicas. É por isto que un dos indicadores dos acordos de xestión (ADX) do 2018 é que en cada servizo de atención primaria se realice un proxecto de intervención comunitaria. Estes programas de intervención coordinan o sistema sanitario co ámbito local da comunidade, interrelacionando o sistema sanitario, social, local e o terceiro sector. No que vai de ano 2018 en todas as áreas sanitarias se levaron a cabo programas de intervención comunitaria. A modo de exemplo, levouse a cabo unha intervención comunitaria na zona do Nóvoa Santos e o Couto en Ourense denominada “Salubrízate”. Os obxectivos foron mellorar a capacidade física e mental das persoas

Bioética

maiores e diminuír as enfermidades cardiovasculares e a soidade. Para iso, organizáronse charlas seguidas de paseos saudables pola cidade. O proxecto tivo una ampla participación e atópase na fase de avaliación.

Outra liña estratéxica diríxese a mellorar a consideración e accesibilidade na prestación dos servizos, e para isto elaborouse un manual de autoavaliación do trato e a información que se da aos usuarios nos servizos asistenciais.

O Punto de atención móbil é outra medida posta en marcha para mellorar a accesibilidade. É un dispositivo de utilidade cando un centro de saúde estea en obras, cando sexa preciso resolver aumentos das demandas estacionais, realizar programas especiais para completar procesos asistenciais que non dispoñan no centro e para darlles formación aos profesionais ou aos pacientes.

No desenvolvemento da liña estratéxica de Orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes. Atención á cronicidade, elaborouse a **Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade**, que centra a atención a estes pacientes na atención primaria de saúde e baséase nos seguintes principios:

1. Elaboración dun plan individualizado de atención integral.
2. Orientación da organización sanitaria a unha visión sociosanitaria e integral na abordaxe da cronicidade.
3. O nomeamento dun profesional ou equipo de referencia para cada paciente, que será responsable do seu seguimento.
4. Proactividade do sistema.
5. Corresponsabilidade do paciente.

1 Bioética

O desenvolvemento do Plan individualizado de atención integral require a realización dunha valoración sociosanitaria integral e multidimensional que inclúe valoracións clínica, funcional, cognitiva e social e dos coidados.

Ademais, no ano 2017 iniciouse a implantación dun modelo de seguimento teleasistido de pacientes crónicos a través da plataforma tecnolóxica TELEA, que permite realizar un seguimento continuo da situación clínica do paciente e adiantarse a posibles episodios de agravamento da enfermidade.

Estratificación de risco dos pacientes. O estratificador poboacional actual do Sergas clasifica os pacientes en función de parámetros relacionados co consumo de recursos en atención primaria e hospitalaria e estase aínda traballando sobre el para melloralo.

En psicoxeriatría, a ESTRATEXIA SERGAS 2020 recolle a dotación en cada área sanitaria dunha unidade de saúde mental de referencia para a atención ás enfermidades mentais de especial complexidade en maiores de 65 anos, con criterios unificados de atención para homoxeneizar a asistencia. Actualmente, estase a traballar no **Plan estratéxico de saúde mental 2017-2020**.

No ámbito dos coidados paliativos modificouse a composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, para lles dar cabida a todos os axentes implicados na atención paliativa (internistas, oncólogos, neurólogos, HADO, médicos de familia, farmacéuticos, pediatras, enfermeiros, psicólogos, traballadores sociais, facultativos do 061, persoal da Consellería de Política Social etc). Estanse a definir as actividades formativas do bienio 2018-2019. Organizáronse actividades formativas, para diseminar o Documento de instrucións previas nos servizos hospitalarios e centros de saúde e fixéronse cursos de comunicación en coida-

Bioética

dos paliativos para profesionais. Vaise crear un grupo de traballo para elaborar a nova Estratexia de atención aos coidados paliativos.

En **Hospitalización a Domicilio (HADO)** incrementáronse o número de equipos e unidades, e todas elas dispoñen xa dunha versión da historia clínica electrónica para consultala e escribir nela dende o domicilio do paciente. Ademais, estase a traballar nun **Plan estratéxico de hospitalización a domicilio** cuxo obxectivo principal é a normalización e homoxeneización da atención.

Dispoñemos tamén dunha **Guía farmacoterapéutica para centros sociosanitarios** que contribúe á seguridade, homoxeneidade e eficiencia no uso de fármacos nese ámbito.

Para a atención a pacientes con enfermidades neurodexenerativas elaborouse o **Proceso asistencial integrado da esclerose lateral amiotrófica**, que aborda o seguimento da enfermidade dende un punto de vista integral e que é froito da colaboración entre as consellerías de Política Social e Sanidade e as asociacións de pacientes.

Na **atención a pacientes con ictus** dende o ano 2016 contamos cun **Plan de asistencia ao ictus en Galicia (PLANICTUS)** e no ano 2017 constituíse a comisión para o seu seguimento.

Nos aspectos de calidade e seguridade na atención, un dos principais retos éticos da asistencia sanitaria, realizouse unha avaliación da cultura de seguridade do paciente entre os profesionais e implantouse un aplicativo de vixilancia da infección nosocomial nos hospitais. No desenvolvemento da estratexia de hixiene de mans realízanse todos os anos cursos dirixidos a profesionais sanitarios. Ade-

ética

mais, están implantados en todas as unidades de coidados críticos os programas zero para bacteriemia, pneumonía, infección urinaria e resistencia.

Púxose en marcha un sistema de notificación de eventos adversos. O **SiNASP** é un sistema de notificación e aprendizaxe para a seguridade do paciente, que se estende á atención primaria.

Renovación tecnolóxica: modernizáronse algúns dos equipamentos sanitarios para obter unha maior eficiencia diagnóstica e terapéutica.

Estrutura: fixéronse actuacións de reforma, modernización e ampliación de centros de saúde e hospitais para adecuar as infraestruturas e instalacións ás necesidades e requirimentos actuais e mesmo houbo novas construcións.

Existen moitas outras ferramentas (o programa Conecta 72, a consulta telefónica de atención primaria, a plataforma *É-Saúde*, o servizo *ollo cos ollos*, o programa *úlceras fóra*, ou o *programa de mellora da calidade na atención aos pacientes crónicos e polimedicados...*), a *teleasistencia*, as *e-consultas*, dispoñibles, melloran a atención e o acceso dos cidadáns ao sistema sanitario. Neste relatorio presentámosvos algunhas das últimas actuacións desenvolvidas. Non obstante, dicir hai transversalidade no traballo ou entre diferentes consellerías e departamentos.

Dende Política Social cabe destacar a publicación da Estratexia galega do envellecemento activo dende a Innovación 2016-2020.

Bioética

BIBLIOGRAFÍA

- Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. Guía farmacoterapéutica de centros sociosanitarios. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2018. [citado 27 setembro 2018]. Dispoñible en: <https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/cas/Publicaciones/Docs/Farmacologia/PDF-2668-es.pdf>
- Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde. Plan de asistencia ao ictus en Galicia (PLANICTUS). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade; 2016. [citado 27 setembro 2018]. Dispoñible en: http://intranet/DOCUMENTOSAsistenciaSanitaria/201611/PLANDEASISTENCIAAOICTUSEN GALICIA_def_2_20161102_080455_9253.pdf
- Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia. Estratexia Sergas 2020. [citado 27 setembro 2018]. Dispoñible en: https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Documents/557/SERGAS_ESTRATEXIA_2020_280316_gal.pdf
- Decreto 181/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 181/2010, do 21 de outubro, polo que se crea a Comisión Galega de Coidados Paliativos. Diario Oficial de Galicia, n.º 243, (22 de decembro de 2016). [citado 27 setembro 2018]. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20161222/AnuncioC3K1-161216-0001_gl.html
- Instituto Galego de Estatística (IGE). [citado 1 febreiro 2018]. Dispoñible en: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=gl>
- Instituto Nacional de Estadística (INE). [citado 1 febreiro 2018]. Dispoñible en: <https://www.ine.es/welcome.shtml>
- Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Encuesta Nacional de Salud de España 2017. Madrid: Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social; 2018. [citado 27 setembro 2018]. Dispoñible en: <https://www.msbs.gob.es/estadEstudios/estadisticas/encuestaNacional/encuesta2017.htm>

▼ 1.2 ... O servizo de xeriatria da Eoxi de Vigo

▼
RELATOR → XOSÉ MANUEL VEGA ANDIÓN

Relatorio non dispoñible.

Bioética

1.3 ... O servizo de xeriatría da Eoxi de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

RELATORA → ROCÍO MALFEITO JIMÉNEZ

Proxecto asistencial do paciente institucionalizado

O Servizo de Xeriatría de Lugo, leva case 30 anos cuidando da saúde dos nosos maiores. Ao comezo, só constaba dunha Unidade de Agudos onde se atendía o paciente cunha enfermidade que precisaba atención hospitalaria, unha consulta que se nutría de pacientes derivados de atención primaria e un hospital de día cun fin rehabilitador. Cos anos, apareceu a Unidade de Media Estancia (UME), onde principalmente se realizaba rehabilitación e estabilización de enfermidades, de pacientes que viñan de Servizos Cirúrxicos. No 2010, comezamos a manexar pacientes cirúrxicos como interconsultores.

Actualmente e dado que cambiou o perfil do paciente e que lle damos prioridade a atención ambulatoria, realizamos valoración de fragilidade en pacientes que van ser valorados para intervencións cirúrxicas (TAVI, endoprótese aórtica...) e tratamentos oncolóxicos.

Unha alta porcentaxe dos ingresos eran pacientes institucionalizados, que con cada ingreso sufrían unha maior deterioración, con complicacións e reingresos múltiples, o que facía o paciente cada vez máis vulnerable.

Bioética

A vulnerabilidade fai referencia á condición de desvantaxe en que se atopa un suxeito, comunidade, ou sistema ante unha ameaza e a falta de recursos necesarios para superar o dano causado. Implica necesariamente o enfrontamento a unha situación de risco, con todo, unha situación de risco non é sinónimo de vulnerabilidade.

Fraxilidade: síndrome clínica-biolóxica caracterizado por unha diminución da resistencia e das reservas fisiolóxicas das persoas maiores en situación de tensión, como consecuencia do desgaste acumulativo dos sistemas fisiolóxicos, provocando un maior risco de sufrir efectos adversos para a saúde, como caídas, incapacidade, hospitalización, institucionalización e morte. A prevalencia en maiores de 65 anos é de 7-12 %.

Segundo datos do Rexistro Continuo (INE) a día 1 de xaneiro do 2017, en España hai 8 764 204 persoas maiores (65 anos ou máis), o 18,8 % da poboación total. Para o ano 2066 haberá máis de 14 millóns de adultos maiores, que representan o 34,6 % da poboación total.

O bo coidado dos anciáns depende de que se conte con recursos suficientes. E as residencias son un das máis importantes, aínda que se recomenda que o ancián debe permanecer o maior tempo posible na súa contorna habitual, ás veces non é posible, e é cando estes centros son necesarios.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda cinco prazas residenciais por cada cen persoas maiores de 65 anos. Na comunidade galega hai 665 939 persoas nesa franxa de idade. Un 5 % corresponderíase con 33 000. As vacantes residenciais, sitúanse ao redor das 21 000, o que deixa claro, que se necesitarían outras 12 000 para alcanzar esta proporción.

1 Bioética

Na provincia de Lugo o cociente é de case 4 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos e na Coruña, non chega a 3 prazas por cada 100 maiores de 65 anos.

O principal obxectivo, polo tanto, céntrase en promover un envellecemento activo, atopar unha medida de detección do estado de prefraxilidade, co que se aumenta así a seguridade das persoas maiores e se permite a súa continuidade na súa propia contorna de vida atrasando a situación de discapacidade-dependencia.

A situación de vulnerabilidade na que se atopan familiares e anciáns (física, económica, psicolóxica, e social) contribúe á institucionalización dos maiores. O incremento do envellecemento e a necesidade de coidados especiais en pacientes con enfermidades crónicas que presentan descompensacións, os cambios producidos nas familias (ampliación de roles), a inadecuación das vivendas e a inexistencia de alternativas á institucionalización, son factores que inflúen no incremento dos ingresos dos anciáns en residencias.

Desde hai uns meses, puxemos en marcha un proxecto de integración asistencial do paciente institucionalizado que ten como obxectivo ser proactivos e así mellorar a calidade de vida, evitar probas diagnósticas e ingresos, moitas veces innecesarios e que minguan a funcionalidade do paciente e non achegan beneficios.

Decidimos estratificar a poboación de cada residencia por criterios de fraxilidade e facer un diagnóstico situacional, de tal maneira, que aqueles pacientes que presentaban unha fraxilidade avanzada, con mal prognóstico a curto prazo, acordábase un plan de coidados entre a familia, o médico e a residencia e o noso servizo. Nos pacientes que presentaban fraxilidade leve e moderado, fíxose unha revisión

Bioética

de problemas e de fármacos, para tentar facer prevención de posibles descompensacións das súas enfermidades ou aparición de síndrome xeriátricas, é dicir, que a través da valoración xeriátrica integral, tentamos detectar a prefraxilidade.

Tendo como eixe regulador o Hospital de Día, comezamos con visitas programadas semanalmente durante os tres primeiros meses a catro residencias co sistema de farmacia hospitalaria integrado, onde fomos captando o paciente e os estratificamos por criterios de fraxilidade, detectando problemas e descompensacións e tentando o manexo na residencia. Establecemos circuítos de derivación directa ao Hospital de Día naqueles pacientes que precisaban probas específicas ou naqueles con mala evolución para valorar actitude diagnóstica ou ingreso hospitalario.

O obxectivo xeral do proxecto é mellorar a calidade asistencial do paciente institucionalizado, e ser proactivos, procurando anticiparse á deterioración. Para iso, tratamos de mellorar a coordinación dos diferentes especialistas, médicos de atención primaria, médico de residencia e xeriatras co fin de diminuír a estancia media e o número de ingresos, ademais das asistencias a urxencias que levan a unha deterioración cada vez maior destes pacientes que moitas veces acoden sós.

O resultado conseguido ata o momento é unha redución do 20 % de número de ingresos, do 30 % na estancia media e do 50 % do número de reingresos no primeiro mes no noso servizo.

Coas visitas ás residencias obxectívase un incremento das consultas do paciente in situ, coa consecuente redución das consultas hospitalarias.

etéica

Ademais mellorou a xestión do paciente na asistencia a urxencias, cunha melloría na comunicación entre os diferentes profesionais.

Establecemos a necesidade da instauración de plans de coidado en pacientes con fragilidade avanzada e vimos que aproximadamente un total de 100 pacientes nas catro residencias non se beneficiarían do traslado ao hospital, adecuando así o esforzo terapéutico.

Nunha segunda fase, tras a implantación do sistema informático nas residencias, poderíase facer Teleasistencia e comunicación asíncrona.

Bioética

1.4 ... **A investigación universitaria (UDC) en xereontoloxía**

RELATOR → JOSÉ CARLOS MILLÁN CALENTI

O Grupo de Investigación en Xerontoloxía da Universidade de Coruña

Constituído no ano 1992 (COD00083), o Grupo de Investigación en Xerontoloxía (GIG) da Universidade da Coruña (UDC) está integrado no Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III; ademais de ser considerado pola CC.AA. galega como Grupo de Referencia Competitiva. Coordinador da Rede Galega de Investigación da Fraxilidade (Frailnet) e membro da Rede Galega de Demencias, na actualidade forman parte del 15 investigadores provenientes de diferentes disciplinas (médicos, biólogos, psicólogos, terapeutas ocupacionais, enfermeiras, logopedas, nutricionistas...).

Ata o momento o GIG participou en 47 proxectos de investigación dos cales 7 foron internacionais, 9 nacionais e 31 referidos á CC.AA. galega, por un total de 2 352 202,67€, sempre co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas maiores a través de nosas principais liñas de traballo:

- Enfermidades neuroxenerativas: demencias e enfermidade de Alzheimer
- Intervención non farmacolóxica en persoas con fraxilidade e/ou dependencia
- Estudos epidemiolóxicos de base poboacional

Bioética

Bioética e investigación

Ética e investigación son dous conceptos intimamente relacionados, xa que a primeira non existiría sen a segunda ao estar fundamentada no coñecemento da conduta humana derivado da *“investigación”*, tratando de explicar as regras morais de maneira científica; é dicir, porque algo pode catalogarse como “bo” ou “malo”.

A **bioética** xorde da ética médica centrada na relación médico-paciente; serían as pautas de conduta que os médicos deberían manter fronte aos seus pacientes; criterio que aplicado ao ámbito da investigación se referiría á *“conduta que os investigadores deberíamos adoptar fronte aos investigados”*, neste caso as persoas maiores; criterios que deberíamos ampliar non soamente ao cara a cara coa persoa na fase experimental, senón que os principios bioéticos han de estar presentes en todos e cada un dos aspectos referidos ao proxecto, desde a súa formulación ata a súa finalización.

O **Código de Ética Médica de Nuremberg** (Código de Nuremberg do Tribunal Internacional de Nuremberg, 1947 (20/08/1947)) sobre experimentos médicos permitidos, que nace das deliberacións dos Xuízos de Nuremberg ao final da Segunda Guerra Mundial, en relación co tratamento inhumano dado polos médicos nazis aos prisioneiros dos campos de concentración (investigación médica en humanos incluída), contén 10 puntos, entre os que destaca como esencial o feito de contar co *“consentimento voluntario do suxeito humano”*, que *“o experimento debe realizarse coa finalidade de obter resultados frutíferos para o ben da sociedade”*, ou que *“o experimento debe ser realizado unicamente por persoas cientificamente cualificadas”*.

A **Declaración de Helsinqui** (1964) adoptada pola 18.^a Asemblea Médica Mundial e emendada por posteriores asembleas médicas mundiais (29.^a, 35.^a, 41.^a, 48.^a, 52.^a, 59.^a e 64.^a, está última xa do 2013), inclúe os 10 puntos da de Nuremberg aos que incorpora os da **Declaración de Xenebra** (1948), establece no seu

Bioética

punto 6 que *“o propósito principal da investigación médica en seres humanos é comprender as causas, evolución e efectos das enfermidades e mellorar as intervencións preventivas, diagnóstica e terapéuticas”*, facendo mención aos colectivos vulnerables, aos requisitos científicos e protocolos de investigación que *“han de enviarse para a súa consideración, comentario, consello e aprobación ao comité de ética de investigación pertinente antes de comezar o estudo”*, á privacidade e confidencialidade e, por último, á necesidade de que *“a participación de persoas capaces de dar o seu consentimento informado na investigación médica ha de ser voluntaria”*. Establecendo a *“necesidade de priorizar os intereses e o benestar das persoas por encima dos da ciencia e os da sociedade”*. Cómpre sinalar tamén que o **Informe Belmont** (30/09/1978), do Departamento de Saúde, Educación e Benestar dos EUA e titulado *“Principios éticos e pautas para a protección dos seres humanos en investigación”*, recolle tres principios fundamentais para a experimentación con humanos:

- **Respecto das persoas:** protexendo a súa autonomía e tratándoas con respecto, por suposto, tendo en conta o consentimento informado previo.
- **Beneficencia:** maximizar os beneficios para o proxecto de investigación mentres se minimicen os riscos para os suxeitos de investigación.
- **Xustiza:** usar procedementos razoables, non explotadores e ben considerados para asegurarse que se administran adecuadamente (relación custo-beneficio).

A estas declaracións sumariamos os principios básicos da Bioética, de todos coñecidos e que simplemente enumero: principio de autonomía ou de liberdade de decisión, principio de beneficencia e non maleficencia e principio de xustiza.

Sinalar que ademais como profesionais das Ciencias da Saúde, estamos sometidos aos **códigos deontolóxicos da profesión** que recollen os deberes e obrigas morais propios da profesión, e en moitas ocasións son códigos de natureza

bioética

ético-xurídica, como o é o da medicina; existen elementos legislativos sobre a responsabilidade profesional que tamén guían acerca da conduta para ter no desempeño das nosas atribucións (Constitución española, Lei xeral de sanidade, Organización Mundial da Saúde, Ministerio de Sanidade...).

Para que os ditos principios bioéticos referidos á investigación se cumpran, é necesario solicitar autorización previa ao proxecto ao **Comité de Bioética de Galicia**, aínda que na Universidade da Coruña existe un **Comité de Ética da Investigación e a Docencia** que se ocupa de autorizar protocolos nos que teña competencia. Pero, ademais, a propia formación do investigador, como pode ser o caso dun programa doutoral como o de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, esixe que o doutorando lle solicite autorización ao Comité de Bioética de Galicia para poñer en marcha o seu proxecto de tese doutoral, situación que desde logo é necesaria en calquera convocatoria de ámbito autonómico, nacional e internacional. Sinalar, ademais, que a publicación científica nas revistas denominadas como de alto impacto (Journal Citation report) non aceptarán ningún artigo que non inclúa unha frase ou parágrafo que recolla as consideracións éticas do traballo realizado, do tipo: "Ethical approval was given by the Ethics Committee of XX and was in conformity with the principles embodied in the Declaration of Helsinki. Research participants signed informed consent form before enrollment".

Investigar con persoas maiores

Neste apartado, referirémonos tanto aos aspectos éticos da propia investigación, como ás consecuencias desta sobre as persoas maiores, cando os ditos criterios non son escrupulosamente incorporados no desenvolvemento da investigación.

Para o establecemento dos criterios éticos, basearémonos loxicamente na normativa e códigos deontolóxicos vixentes; pero, en canto ao desenvolvemento

Bioética

do propio proxecto, entón non podemos facer as consideracións desde o punto de vista de que o proxecto cumpre cos criterios éticos, senón que no seu devir, deberemos de ir expoñéndonos aspectos referidos á maneira en que a dita fase de experimentación inflúe sobre a calidade de vida da persoa investigada en termo de molestias xeradas polos tempos de dedicación ao proxecto, estado do paciente no momento de ser sometido ás probas, beneficios esperados pola intervención ou participación no proxecto e calquera outra consideración que en moitas ocasións o propio paciente non é capaz de transmitir (pacientes con deterioración cognitiva por exemplo) e os investigadores non son capaces de predicir.

Na investigación con persoas maiores que padecen enfermidades neurodegenerativas, o procedemento do consentimento informado vaise ver limitado pola capacidade do suxeito para entender e actuar en consecuencia, e será necesario que en moitas ocasións teñamos que apelar ao familiar ou responsable, co que se xerará neste caso outro problema, caso de que o "paciente" non fose incapacitado legalmente, xa que estaríamos a lle eximir de ser el o que tome a decisión, pasándolla a un familiar que non é o responsable legal. Neste caso o problema sería, se é ético considerar a dita autorización ou se pola contra estes suxeitos non deberían ser incorporados aos proxectos ata que o responsable o sexa legal e por tanto poida tomar a decisión sobre o que é mellor para o paciente.

Deberemos distinguir entón entre a **incapacidade clínica ou física e a incapacidade xurídica ou legal** e concretamente sobre a capacidade de obrar; é dicir, posuír capacidade para adquirir e exercitar dereitos e asumir obrigas, que, por suposto, dependerá de moitas circunstancias e variables (estado civil, idade) e poderá ser plena ou estar restrinxida. Nace así a **incapacitación xudicial**, que, por exemplo, no caso das persoas con demencia baséase no **Documento Sitges (2009)** sobre a *"Capacidade para tomar decisións durante a evolución dunha*

bioética

demencia: Reflexións, dereitos e propostas de avaliación", elaborado pola Sociedade Española de Neuroloxía e que se compón de 7 capítulos:

- Capacidade e autogoberno.
- Toma de decisións na esfera persoal e patrimonial.
- Condicións neurolóxicas e neuropsicolóxicas para ser capaz de tomar decisións.
- Exploración das condicións neurolóxicas que interveñen na toma de decisións.
- Correlación entre o estado neurolóxico e a capacidade para tomar decisións.
- Modelo de informe sobre a avaliación da capacidade de tomar decisións.
- Recomendacións do Grupo Sitges.

A perda legal das ditadas capacidades influirá negativamente na súa competencia para decidir e actuar autonomamente. A persoa declarada incapacitada legalmente non poderá comprar, vender, contratar persoal, facer testamento, pedir un préstamo, realizar doazóns, votar, ademais, bloquearáselle as súas contas bancarias e pode ser ingresada nunha residencia xeriátrica en contra da súa vontade, e os seus bens serán administrados polo seu titor, que ha de velar polos seus intereses patrimoniais e a atención ás súas necesidades. Ademais, a tutela está sometida a diversas medidas de control, como facer un inventario de bens da persoa maior e das súas contas, e ha de obter autorización previa por parte do xuíz para asuntos económicos transcendentales como vender unha propiedade.

De acordo con todo o anterior, é necesario fomentar a cultura de "exercer" a autonomía antes de que apareza o problema ou enfermidade incapacitante e aí, documentos como os **testamentos vitais ou as vontades anticipadas** poderían

Bioética

axudar a que outros actúen de acordo ao que nós previamente declaramos; neste caso, con respecto a poder ser “suxeito da mostra” en proxectos de investigación.

Por outra parte e das normas de bioética dedúcese que para poder investigar hase de presupoñer que o investigador está debidamente cualificado, na nosa sociedade, a dita cualificación vén determinada pola obtención do grao de doutor; exporíámonos entón se aquelas persoas que non obtiveron o grao de doutor ou que non están baixo a xerarquía dun doutor, puidesen ou debesen investigar. Pregunta que deixo no aire, xa que hai cantidade de protocolos de investigación desenvolvidos por profesionais sen a debida acreditación investigadora, que, dalgunha maneira, son o pan noso de cada día. Neste apartado hai que facer valer a necesidade de que en todos os programas de doutoramento ou cursos de capacitación para a investigación engádanse aspectos referidos á bioética.

Conclusións

Aínda que parece que o marco ético e legal no que nos movemos é lóxico e avala a realización de investigación baixo a autorización dos comités de bioética, aínda hai pequenas lagoas nas que os investigadores temos problemas á hora de establecer que as normas se cumpren ao 100 %, caso das persoas sen capacidade de decidir non incapacitadas legalmente e por tanto carentes de titor legal.

Ademais, hai que ter en conta a máxima de que para investigar é necesario ter a formación previa adecuada; é dicir, ser doutor e a miña pregunta sería:

...Cantas persoas investigan sen ser doutores?

Bioética

BIBLIOGRAFÍA

- Amor Pan, J. R. (2010). *Bioética y dependencia*. A Coruña: Obra Social Caixa Galicia.
- Belmont Report. Ethical principles and guidelines for the protection of human subjects of Research. The National Commission for the protection of human subjects of biomedical and behavioral Research. Disponible en: <https://www.hhs.gov/ohrp/regulations-and-policy/belmont-report/read-the-belmont-report/index.html> (26/09/2018)
- Bergel, S. D. (2015). Diez años de la Declaración Universal sobre Bioética y Derechos Humanos. *Revista de Bioética*, 23(3), 446-455.
- Código de Nuremberg. Traducción adaptada de Mainetti, J.A. (1989), *Ética médica*, Quirón, La Plata, Argentina.
- Declaración de Helsinki de la Asamblea Médica Mundial (AMM). Principios Éticos para las investigaciones médicas en seres humanos. Disponible en <https://www.wma.net/es/policias-post/declaracion-de-helsinki-de-la-amm-principios-eticos-para-las-investigaciones-medicas-en-seres-humanos/> (26/09/2018)
- García Férrez, J. (2003). *Bioética y Personas Mayores*. Madrid: Portal Mayores; 2003; 4. [Fecha de publicación: 31-03-2003] Disponible en: <http://www.imsersomayores.csic.es>
- Gracia Guillén, D. (1999). Planteamiento general de la bioética. En *Bioética para clínicos*. Madrid: Triacastela. pp. 19-35.
- Hardy-Pérez, A. E. & Rovelo-Lima, J. E. (2015). Moral, ética y bioética. *Medicina e Investigación* 3(1), 79-84.
- Mercé Boada Rovira y Alfredo Robles Bayón. Documento Sitges. Editorial Glosa, Barcelona, 2009.
- Ley 41/2002, de 14 de noviembre, Básica Reguladora de la Autonomía del paciente y de Derechos y Obligaciones en materia de Información y Documentación Clínica. (BOE núm. 274, de 15-11-2002).
- López-Azpitarte, E. (2006). Ética en Geriatría. En J. C. Millán Calenti (Comp) *Principios de Geriatría y Gerontología*. Madrid: McGraw-Hill Interamericana de España. pp. 351-366.
- Maseda A, Lorenzo-López, L. (2018). *Bioética en Gerontología*. Máster en Valoración e Intervención en Gerontología y Geriatría. Universidad de A Coruña.
- Pascual Barlés, G. (2000). Bioética y centros gerontológicos. *Geriatría*, 16(6), 32-37.
- Simón, P. & Barrio, I. M. (2004). *¿Quién decidirá por mí?* Madrid: Triacastela.
- WHO/INPEA. (2002). *Missing Voices: Views of older persons on elder abuse*. Ginebra: OMS.

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Bera

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

ética

Ética, vulnerabilidade e ancianidade

13:00 → 14:00

PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

RELADORES → ANA GUILLÉN VILANOVA, MARÍA PONTE GARCÍA E MÓNICA SUÁREZ BEREÁ
CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

Por ser a primeira en tomar a palabra, empezo por darlles as grazas ás miñas compañeiras de mesa, quen comigo lles queren agradecer aos membros do Consello de Bioética de Galicia a súa participación e o seu traballo. O noso agradecemento moi especial ao presidente, sen cuxo impulso e guía intelectual e humana, este documento non sería o que é. Moitas grazas, José Antonio.

Na xornada do Consello de Bioética de Galicia de 2017 presentámosvos un bosquejo do documento que estabamos a elaborar. Hoxe, vemos cumprido o noso obxectivo de completalo e presentárvolo, por fin.

Bioética

“Ética, vulnerabilidade e ancianidade”, é o resultado de identificar a vulnerabilidade, tópico ético de grande amplitude, nun sector da poboación e de poñelo en relación coa nosa contorna.

Permitídenos mostrarvos algúns datos demográficos de Galicia:

- O 23 % da poboación ten máis de 65 anos, e estímase que alcanzará case o 30 % no ano 2029.
- Preto de 122 000 persoas maiores de 65 anos viven soas ou con persoas de idade similar que son as súas cuidadoras.
- En 2016 a pensión media en ambos os sexos foi de 1 009 € en maiores de 65 a 74 anos, 813 euros en persoas de 75 a 84 anos, e 754 euros nas maiores de 85 anos ou máis. A provincia de Ourense é a que presenta menores pensións, sendo a das mulleres inferior á dos homes.
- No ano 2017 das 117 875 persoas con algún grao de dependencia case dous terzos (77 458) superaban os 75 anos e eran maioritariamente mulleres.
- O 42,5 % das persoas dependentes vive en municipios de menos de 10 000 habitantes e só o 24,5 % faino en municipios de máis de 50 000 habitantes.
- O 72,5 % dos seus cuidadores reduciron as súas actividades de lecer ou relacións sociais, un 55,8 % fixo o mesmo coa súa vida familiar, un 38,3 % diminuíu o seu traballo doméstico e un 25,8 % reduciu co seu traballo remunerado ou estudos.

E a risco de atordarnos, deixamos aquí os datos estatísticos que por si sós xustifican a decisión ética do Consello de Bioética de Galicia de publicar este documento e interpelar a cidadanía, os profesionais e os poderes públicos sobre a vulnerabilidade, a ancianidade, o coidado, a Ética e Galicia.

1 ética

Con todo, as estatísticas omiten unha realidade silenciosa e á vez imprescindible para completar o panorama da vulnerabilidade da poboación anciá na nosa sociedade.

Trátase dun documento que soa á convivencia de cada un de nós con situacións propias de coidado de persoas vulnerables; que cheira á procura de argumentos desde unha razón cordial, en palabras de Adela Cortina, que ve a necesidade de construír unha sociedade xusta e atenta aos requirimentos de coidado máis aló das solucións uniformes, para poder vivir ben a nosa vellez, e tamén é un documento que sabe a emoción. E neste punto, tomo prestada unha carta de M.A. Gilmartín (Segovia) publicada na sección de cartas á directora de El País do pasado 27 de setembro. Di así:

<<A miña sogra ten alzhéimer. O seu fillo, cun amor infinito, dille: "Nai, imos aprender inglés... hai", sinala o pelo e a miña sogra, dócil, contesta: "Pelo". "Xa sabes inglés, nai!, e ambos se parten de risa. Alegres?. Hai que buscar un nome para esta emoción>>

Que é a vulnerabilidade?

A vulnerabilidade é a condición que fai a unha persoa susceptible de ser danada física ou psiquicamente, en razón da súa insuficiente capacidade para previr, resistir ou sobrepoñerse a un dano.

É un concepto ambiguo, complexo e moi amplo que presenta polo menos dúas dimensións, unha antropolóxica e outra sociopolítica. Non é o mesmo SER vulnerable que ESTAR en situación de vulnerabilidade.

Bioética

A vulnerabilidade está determinada por factores internos e externos que adoitan manifestarse en forma de capas que son acumulables.

As persoas anciás, polo feito de selo, estean ou non enfermas, poden presentar un, algúns ou todos estes factores de vulnerabilidade: cognitiva, funcional, económica e familiar. Emocional, territorial, asistencial e habitacional. Unha vulnerabilidade comunicativa e participativa e así mesmo unha vulnerabilidade cultural.

Volvo neste punto á sección Cartas á directora de El País que o pasado 7 de xullo publicaba isto:

<<A dependencia aumenta coa idade e aféctalle dunha ou outra maneira ao 63 % dos maiores de 85 anos. Interrogantes que me expoño e que me preocupan: Que cuidados necesitarei e cales a miña parella? Terei a serenidade de aceptar a situación se son o cuidador; ou mantereirei o agarimo, paciencia e comprensión para cuidar? Habrá suficientes prazas nas residencias e poderemos pagalas? Poderemos atrasar o proceso de envellecemento sendo máis activos?, Ampliaranse os plans locais para que as persoas maiores, fráxiles e dependentes poidan seguir vivindo e morrendo nos seus fogares, que é o que a maioría desexa?>>

É unha carta asinada por F. Serrano Echeverría de Eibar (Guipúscoa).

Bioética

Coidado e responsabilidade de coidar

E é que cando no proceso de envellecer a persoa anciá precisa ser coidada xorde a pregunta de quen e como se asume a responsabilidade de coidala. A contestación require ter en conta os factores internos e externos que determinan a vulnerabilidade, e concretamente, tomar en consideración que a situación dos pacientes anciáns é heteroxénea, que o mapa da atención sociosanitaria está en proceso de transformación; os notables cambios dos modelos de convivencia e da familia e que a atención recibida pola poboación anciá e, en xeral, polas persoas dependentes se revela insuficiente.

Falar de necesidade de coidados é falar do coidador ou coidadora e é entón cando á beira dos coidadores profesionais xorde o coidador informal, normalmente unha muller, sobre todo a filla ou a parella, que é a que adoita asumir este rol en correspondencia cunhas expectativas sociais non escritas acerca de quen debe coidar.

A tarefa de coidar produce efectos negativos e ten tamén consecuencias positivas para o coidador ou coidadora, pero é que ademais repercute na súa contorna persoal.

É o que denominamos efecto de **irradiación** da vulnerabilidade do ancián que fai tamén vulnerables aos seus coidadores e motiva o nacemento dunha nova necesidade: a de coidar o coidador ou a coidadora.

O coidado, en suma, non é só un rol, non pode circunscribirse ao ámbito privado, á boa vontade ou ao amor dos próximos.

Bioética

Valores da persoa ameazados polas situacións de vulnerabilidade

Con todo o dito podemos afirmar con rotundidade que é un deber moral promover accións que eviten, minimicen ou palíen as situacións de vulnerabilidade, pois ameazan distintos valores da persoa anciá.

Estas obrigas poden expresarse na linguaxe principialista da Bioética: non malficencia, respecto da autonomía, beneficencia e xustiza.

Os valores que identificamos con carácter previo a calquera intervención son os oito que enunciarnos a continuación:

- A **dignidade**, valor inherente a todo ser humano polo simple feito de selo: a persoa anciá é valiosa por si mesma e iso obríganos a recoñecela e respectala, especialmente os e as profesionais e axentes implicados na atención sociosanitaria.
- A **autonomía** é a capacidade dunha persoa para establecer as súas propias normas e rexerse por elas.
- A **intimidade** alude á esfera privada, persoal e familiar que se quere manter libre de intromisións non autorizadas ou ilexítimas.
- O **benestar** refírese ás boas condicións de vida obxectivas e subxectivas, expresa a conexión entre distintos factores de vulnerabilidade, e entre o benestar e os restantes valores que identificamos.
- A **seguridade** é o sentimento de protección fronte aos riscos e danos que pode sufrir a persoa anciá e está vinculada á fragilidade e finitude propias da vulnerabilidade ontolóxica.

1 ética

- A **igualdade** é un valor segundo o cal, a persoa anciá é digna e igual ao resto dos suxeitos que conforman a sociedade, pero non como sinónimo de identidade, senón recoñecendo que todos somos diferentes e que é esixible atender as desigualdades individuais.
- A **xustiza** consiste en darlle a cada un o seu e implica certa igualdade, pois esixe tratar do mesmo xeito os casos iguais e de distinta forma os casos desiguais.
- A **solidariedade** é un valor que lles permite ás persoas sentirse e recoñecerse unidas; move os individuos cando outros necesitan a súa axuda, sen intención de recibir algo a cambio. Conforma un dos alicerces da ética moderna.

Antes de pasarlles a palabra ás miñas compañeiras Ana e Mónica, convidámosvos a ler o documento porque a lonxevidade non é sinónimo de calidade de vida nin garantía dun soporte sanitario e social adecuados.

É neste momento onde interesa describir como a vulnerabilidade se pode manifestar de forma diferente nos **distintos ámbitos da asistencia sociosanitaria**.

Nunha persoa anciá poden concorrer factores físicos, psíquicos e sociais que a fan especialmente vulnerable en calquera contexto de intervención. Entre os dous primeiros, sen dúbida, os máis relevantes son a deterioración cognitiva (xa que afecta o nivel de comprensión e a capacidade de toma de decisións e ao autocoidado), os déficits sensoriais (hipoacusia, perda de visión...) que dificultan a información, a comunicación, a accesibilidade a distintos dispositivos e ao seu manexo nestes.

Bioética

Por outra banda, entre os factores sociais son de sinalar as relacións familiares, a contorna, o lugar de residencia (rural ou urbano), a situación de illamento, as dificultades de acceso ao sistema sanitario, os recursos económicos, o nivel sociocultural...

O primeiro ámbito do que imos falar é o da **atención primaria** que se desenvolve principalmente nos centros de saúde e que constitúe un dos principais lugares para detectar as necesidades xurdidas relacionadas co proceso de envellecemento e buscar as solucións adecuadas a cada situación.

Outro dos lugares onde se presta atención é no domicilio, lugar privado, pero onde se poden detectar e canalizar para a procura de mellora das condicións nas que vive a persoa anciá, especialmente se esta está encamada. En moitas ocasións a dispersión xeográfica é outro condicionante para ter en conta.

Os puntos de atención proporcionan a atención urxente extrahospitalaria.

Un centro sociosanitario e un centro residencial son unha alternativa ao domicilio cando por diversas cuestións a persoa anciá non pode continuar no mesmo, xa sexa temporalmente ou de modo definitivo.

Outro dos ámbitos **é a atención hospitalaria** onde se presta a atención sanitaria hospitalaria programada e urxente.

A continuación, imos falarvos de Mercedes, unha mostra de todas as Mercedes que coñecemos, cuxo caso relatamos no documento, onde vos remitimos (...)

1 ética

A deliberación fíxose separando os distintos ámbitos de atención que percorreu Mercedes, identificando os factores de vulnerabilidade concorrentes e os valores presentes en cada un deles. Así foi como fixemos a análise tanto da súa realidade como doutras realidades que se poden atopar no documento e que xa adiantamos na xornada do ano pasado.

Chega o momento de recapitular, de extraer conclusións e de recomendar algunhas actuacións.

Recalcar que a vulnerabilidade é a condición que fai a unha persoa susceptible de ser danada física ou psiquicamente, que depende das características e as circunstancias individuais e sociais e que se manifesta con distinta intensidade e nos diferentes momentos da vida da persoa anciá.

É importante saber que os factores que orixinan a vulnerabilidade adoitan manifestarse en forma de capas acumulables, e pódense identificar distintos tipos de vulnerabilidade: cognitiva, funcional, económica, familiar, emocional, territorial, asistencial, habitacional, comunicativa, participativa e cultural.

No documento destacamos o efecto de irradiación que produce a vulnerabilidade da persoa anciá que converte en vulnerables os cuidadores e a súa contorna.

Para afinar o diagnóstico e a posterior intervención fronte a cada situación de vulnerabilidade é preciso identificar os bens e valores que están en perigo, a dignidade, a autonomía, a intimidade, a seguridade, a igualdade, a xustiza e a solidariedade.

Poñemos punto final ao documento cun apartado de recomendacións dirixidas á Administración, aos profesionais e á cidadanía.

Bio

En todas elas se reflicten a concepción e o obxectivo do noso traballo.

A vulnerabilidade é fonte de deberes morais. Estamos ante unha responsabilidade do conxunto da sociedade e queremos alertar sobre a indesexable situación de vulnerabilidade das persoas anciás, susceptible de aumentar e de agravarse no futuro.

ética

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Bera

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

ética

16:30 → 17:00
PÓSTERES

Pósteres

MODERADOR → COMITÉ CIENTÍFICO
CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

Bioética

PÓSTER. 1

Tratamento psicofarmacolóxico previo á institucionalización en casos de demencia, terapia ou contención?

AUTORES → MARÍA FARELO ARIAS, NURIA PÉREZ LÓPEZ, JOSÉ CAAMAÑO PONTE, CARLOS DOSIL DÍAZ

CENTRO DE TRABALLO → SERGE "A VEIGA". LÁNCARA

INTRODUCCIÓN

O tratamento farmacolóxico das demencias expón sutís conflitos éticos relacionados coa súa evolución clínica.

OBXECTIVO

Deliberar sobre o emprego terapéutico ou restritivo da asociación de medicamentos antidemencia con psicofármacos previamente á institucionalización.

METODOLOXÍA

Estudo descritivo, observacional e transversal de pacientes con diagnóstico de demencia, tratados con IACE e/ou memantina, ademais de psicofármacos en situación de preinstitucionalización. A estadiaxe da enfermidade realizouse empregando a Clinical Dementia Rating (CDR). Obtívose o consentimento informado dos pacientes ou representante legal para a xestión dos seus datos con fins de investigación e/ou docencia.

RESULTADOS

Período de estudo= 9 meses. N= 32 (25 mulleres/7 homes). Idade, media= 84.81 anos (rango= 97-75). CDR, media= 2.21. Número de medicamentos por subgrupo terapéutico: IACE= 2. Memantina= 4. IACE + memantina= 4. Neurolépticos atípicos (NLPA)= 14. Neurolépticos clásicos (NLPC)= 3. BZD= 12. Antidepressivos

bioética

serotoninérxicos/noradrenérxicos (ADS/N)= 17. Trazodona= 5. Clometiazol= 6. Grupo IACE ou memantina máis NLPA= 3. Grupo IACE ou memantina máis NLPC= 0. Grupo IACE ou memantina máis BZD= 3. Grupo IACE ou memantina máis ADS/N= 3. Grupo IACE ou memantina máis trazodona= 2. Grupo IACE ou memantina máis clometiazol= 0. Pacientes sen medicamentos a estudo= 1.

CONCLUSIÓN

O tratamento psicofarmacolóxico das demencias constitúe unha área de deliberación ampla sobre o respecto aos 4 principios da bioética.

PÓSTER. 2

Paciente maior en “observación de urxencias”

AUTORES → DR. HUGO ÁGREDA LÓPEZ, DR. FERNANDO PEÑA MARTÍNEZ,
DR. MANUEL GARCÍA NOVIO

CENTRO DE TRABAJO → HOSPITAL UNIVERSITARIO LUCUS AUGUSTI – LUGO

OBXECTIVOS

- Describir o perfil do paciente ingresado nunha unidade de observación “UO”.
- Observar o comportamento desas variables no paciente maior.

MÉTODO

Analízanse 673 ingresos consecutivos (2015), e as variables: idade, sexo, tempo de estancia na UO, ingresos hospitalarios, recirculación pola UO a 4 meses e mortalidade a 4 meses. Posteriormente compáranse esas variables entre paciente ≥ 75 anos e < 75 anos.

RESULTADOS

O 80 % dos ingresos é levado polos médicos da unidade. O 55 % son homes. A media de idade é 78 anos. Toman unha media de 6 fármacos por paciente, con 23 h

Bioética

de estancia media na UO. A taxa de ingreso hospitalario é do 26 %, e o 23 % recircula pola unidade nos 4 meses seguintes á alta. A mortalidade global foi do 6,9 %.

Os maiores de 75 anos supoñen o 55,8 % da carga de traballo, neste grupo son máis as mulleres, cunha media de idade de 85 anos, permanecen máis tempo na unidade (21 vs 25 h), e teñen unha maior taxa de ingreso hospitalario (21,8 vs 28,8 %), ademais de recorrer con máis frecuencia tras a alta (18,1 vs 27,1 %). Tamén presentan maior taxa de mortalidade (3,3 vs 9,7 %).

CONCLUSIÓN

A partir dos 75 anos é maior a toma de medicación, prolónganse as estancias en urxencias-UO, increméntanse os ingresos hospitalarios, e recircúlase máis polo sistema sanitario. Ademais de ter unha taxa de mortalidade máis alta.

PÓSTER. 3

Relación entre a formación en bioética e a xestión das últimas vontades, por parte dos facultativos no servizo de urxencias

AUTORES → RUBÉN EDUARDO MOLANO ZÁRATE. ESPECIALISTA EN MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA. MÁSTER EN ATENCIÓN SANITARIA, XESTIÓN E COIDADOS. ESPECIALIDADE CLÍNICA. USC

CENTRO DE TRABALLO → PAC CHANTADA – LUGO

OBXECTIVOS

Determinar a relación entre a formación en bioética dos médicos de Urxencias, e a xestión que realizan das vontades anticipadas dos seus pacientes. Determinar tamén a necesidade de incluír o dito concepto como competencia básica dos facultativos, así como marcador de calidade asistencial.

bioética

MÉTODO

Estudo descritivo transversal, cos médicos dos servizos de Urgencias dos hospitais de Monforte, Ávila e Ponferrada. Cuestionario anónimo no lugar de traballo, con características sociodemográficas, tempo de servizo na categoría e grao de formación en bioética. Preguntas acerca do coñecemento e xestión do concepto de "Vontades Anticipadas".

RESULTADOS

Respondeu o 80 %, do que un 57,5 % son mulleres. Rango etario predominante de 41-50 anos (40 %). Un 67,5 % con máis de 9 anos de traballo na mesma categoría. En canto á formación en bioética, 52,5 % sen formación, 45 % con formación en cursos e 1 médico con máster. Con respecto ao concepto de "vontades anticipadas", o 87,5 % manifestou coñecelo, e un 7,5 % intúe de que se trata polo nome. O 72,5 % respectaría as "vontades anticipadas" do paciente, só se se coñecen por escrito; pero, se se tratase de pacientes menores de idade, o 52,5 % nunca as respectaría.

CONCLUSIÓNS

O estudo detecta unha influencia da formación en bioética na xestión das "vontades anticipadas" polos médicos de Urgencias. Requírense estudos máis amplos que confirmen esta observación e reforcen a necesidade de crear programas de formación continuada en Bioética e a súa inclusión como indicador de calidade asistencial.

Bioética

PÓSTER. 4

Protexer a poboación fráxil. Necesidade de detectar a fragilidade para un envellecemento saudable

AUTORES → LUCINDA PAZ VALIÑAS¹, MARÍA JOSÉ FARALDO VALLÉS¹, ROSENDO BUGARÍN GONZÁLEZ²

CENTRO DE TRABALLO → ¹ UNIDADE DE ASESORAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO, AVALIA-T AXENCIA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE, ACIS. SANTIAGO DE COMPOSTELA

² CENTRO DE SAÚDE DE MONFORTE DE LEMOS

O Sistema de Saúde atende a unha poboación cada vez máis envellecida cunha prevalencia do 19 % en poboacións de 65 anos ou máis, cunha porcentaxe de fráxiles e prefráxiles do 17 % e 49 % respectivamente. A adecuación da avaliación das persoas maiores e a detección da síndrome de fragilidade é un punto clave para poder incidir de forma positiva no envellecemento saudable.

Para obter a mellor evidencia científica realizouse unha revisión sistemática das ferramentas de detección precoz da fragilidade.

Recuperouse numerosa información, pero ata o día de hoxe, non existe unha ferramenta de cribado universal para identificar a fragilidade, destacan o SHARE (*Survey of Health, Ageing, and Retirement in Europe*), Índice de Fragilidade, o SPPB (*Short Physical Performance Battery*) e o fenotipo de Fried. Recentemente, a velocidade da marcha como indicador de fragilidade apunta como denominador común, pero a evidencia existente é moi heteroxénea.

No noso contexto, o documento do Ministerio de Sanidade (MSSSI) sobre a prevención da fragilidade, propón como proba inicial a ABVD (Actividades Básicas da vida Diaria) e posteriormente a proba de execución SPPB que combina o equilibrio, a velocidade da marcha e o test de levántate e anda.

ética

Independentemente da proba empregada, a evidencia sinala a importancia de detectar a fragilidade, e o seu diagnóstico en fases temperás é un deber ético xa que a infradetección dos casos podería implicar a non beneficencia ou mesmo maleficencia de non ofrecer un manexo óptimo dos pacientes para previr ou atrasar a deterioración funcional asociada a esta síndrome. Outra consecuencia ética de calado podería ser desaconsellar intervencións terapéuticas “agresivas” como unha forma de evitar a obstinación terapéutica naqueles pacientes “etiquetados” como fráxiles.

PÓSTER. 5

Conspiración do silencio en coidados paliativos, diferenzas entre poboación a partir dos 65 anos

AUTORES → VILLAMIL CAJOTO I; BALEA VÁZQUEZ L; ÁLVAREZ PÉREZ A; MARTÍNEZ LAMAS C.

CENTRO DE TRABALLO → HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO-COIDADOS PALIATIVOS

HOSPITAL DA COSTA, BURELA (LUGO). SERGAS

INTRODUCCIÓN

A Conspiración do Silencio (CS) é un pacto entre dous que manca a un terceiro; acontece cando a familia do paciente actúa cos sanitarios agochando unha enfermidade ou as consecuencias. CS parcial é cando coñecéndose o diagnóstico, se oculta o prognóstico e a actitude terapéutica. Hai pouca información da CS parcial en pacientes en Coidados paliativos (CP).

MATERIAL E MÉTODOS

Estudo retrospectivo de pacientes en CP (setembro 2016-setembro 2018). Agrupáronse en maiores e menores de 65a.

Bioética

RESULTADOS

Revisáronse 261 pacientes. Excluíronse 9. Estudáronse 252, (23 a 97 anos); 57 < 65 anos e 195 > 65 anos. CS parcial en 95 pacientes (38 %). CS en < 65 a, 14 casos (24 %); en > 65, 81 casos (41 %).

DISCUSIÓN

A CS prodúcese xeralmente a petición familiar, mais tamén por dificultade dos profesionais en dar malas noticias, e afrontar as propias emocións. Hai diferenza significativa na CS en maiores de 65a. A perda de capacidade ao quedar sen información, dende o punto de vista bioético, compromete a realización dunha adecuada praxe. Nunha situación de fragilidade extrema coma a de CP, existe unha tendencia “discapacitadora” cara á poboación anciá. Mellorouse na información da enfermidade oncolóxica (non era raro que moitos pacientes non tiveran estes datos) mais, existe aínda CS parcial, especialmente en anciáns.

PÓSTER. 6

Circuíto de valoración do paciente oncolóxico fráxil

AUTORES → FRANCISCO BARÓN DUARTE. GORETI PAZOS GONZÁLEZ

CENTRO DE TRABALLO → ONCOLOXÍA MÉDICA. CHUAC

A fragilidade é unha síndrome clínica especialmente prevalente nos pacientes con cancro (43 %). É un estado de diminución da reserva fisiolóxica do paciente que produce un descenso da capacidade de adaptación e incrementa a vulnerabilidade aos estresores e o risco de incapacidade. A propia neoplasia, as comorbilidades e as terapias específicas antitumorais poden producir unha tensión adicional sobre esa reserva fisiolóxica. É un proceso complexo e multidimensional.

1. Bioética

Implantamos un circuito especial para a asistencia a pacientes fráxiles “ON-COFRAIL” que permite o adecuado coidado e atención das necesidades destes pacientes.


1 → **PACIENTE FRÁXIL (PF):** o que presenta problemas físicos, psicolóxicos, sociais ou espirituais que lle impiden adaptarse adecuadamente á súa contorna e aos circuitos habituais de atención.

Criterios de valoración do PF:

- *Criterio físico:* performance Status ≥ 2 e/ou diminución involuntaria de 10 > % de peso e/ou score > 3 no cuestionario abreviado de Charlson.
- *Criterio psicolóxico:* termómetro do distrés NCCN > 4.
- *Criterio social:* se o paciente acode habitualmente só ou con coidador incapaz de apoialo.
- *Criterio espiritual:* se o paciente sente como problema o aspecto espiritual (morte e legado ou transcendencia) e así o comunica no encontro clínico.

2 → **EXISTE FRAXILIDADE** con 2 ou máis destes criterios.

3 → **ARQUITECTURA DO CIRCUÍTO**



4 → **RESULTADO:** fase piloto de 90 días, 30 pacientes atendidos. Evidénciase que é factible e que beneficia a estes pacientes.

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

María Ponte García

Mónica Suárez Berea

16:30 → 17:00
PÓSTERES

PÓSTERES

Comité Científico

17:00 → 19:00
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Carmen Solloso Blanco



A prevención

Iñaki Martín Lesende (País Vasco)

O centro de saúde

Joám Casas Rodrigues (Galicia)

A atención domiciliaria

Xavier Bayona Huguet (Cataluña)

A intervención social

Brígida Argote Martínez de Lagrán (País Vasco)

19:15 → 20:30
CONFERENCIA
DE CLAUSURA

O VALOR DO COIDADADO

Victoria Camps

ética

A mirada á ancianidade desde...

17:00 → 19:00

MESA REDONDA

MODERADORA → CARMEN SOLLOSO BLANCO
CONSELLO DE BIOÉTICA DE GALICIA

Boa tarde.

Son Carmen Solloso Blanco e formo parte do Consello de Bioética de Galicia. Nesta mesa da que son moderadora continuamos a reflexionar sobre o tema da xornada, falando de Ancianidade e Bioética. Dous temas que nos preocupan e que nos interpelan como profesionais relacionados co mundo da saúde, mais tamén como persoas e como sociedade que está a vivir unha

Bioética

clara situación de avellentamento na poboación. Sabemos que a dimensión psicosocial da saúde é relevante para a análise bioética. Nesta mesa imos falar da importancia da mirada, do espazo, e das persoas, tendo en conta as condicións de quen necesita especial protección. Contamos para isto con profesionais que teñen ampla experiencia. Pedímoslles que nos acheguen a súa particular mirada poñendo o foco na prevención, na asistencia dende o centro de saúde, na atención domiciliar e na intervención social, complementando aquelas que se expuxeron esta mañá para, finalmente, abrir un diálogo a todo o foro.

Antes de lles dar a palabra aos relatores, vou facer unha breve presentación dos catro, evitándolles interrupcións na continuidade das súas exposicións.

Resumindo os currículos dos conferenciantes para non roubarlles tempo, e por orde de intervención, vou presentar a:

Iñaki Martín Lesende, médico especialista en medicina familiar e comunitaria, doutor pola universidade do País Vasco. Actualmente traballa no centro de saúde de San Ignacio en Bilbao. Compaxina o seu labor asistencial coa actividade investigadora. É experto na atención ás persoas maiores dende atención primaria e forma parte do grupo de prevención nas persoas maiores dentro do Programa de actividades preventivas e promoción da saúde na atención primaria. Tamén é membro do grupo de traballo de Atención aos Maiores da semFYC.

Bioética

Joam Casas Rodríguez, médico especialista en medicina familiar e comunitaria. Traballa na actualidade no centro de saúde da Baña (A Coruña). É experto en Cuidados Paliativos, así como, en tratamento de soporte no enfermo neoplásico. Ten formación acreditada en Bioética Clínica pola Universidade Complutense de Madrid.

Xabier Bayona Huguet, médico especialista en medicina familiar e comunitaria. Actualmente director dun equipo de atención primaria no Institut Catalá de la Salut. Máster en Dirección e alta Dirección de Institucións Sanitarias. Ten unha importante traxectoria e experiencia en xestión clínica como director de diferentes equipos en atención primaria.

Brígida Argote Martínez de Lagran, diplomada en Enfermería e especialista en Xeriatria. Licenciada en Antropoloxía Social e Cultural. Traballa como directora da residencia Lakua do Instituto Foral de Benestar Social de Álava. É experta en Ética Aplicada á Intervención Social e forma parte do Comité de Ética de Intervención Social de Álava. Ademais, é membro do Grupo de Traballo de Bioética da Asociación Vasca de Xeriatria e Xerontoloxía.

Como vedes, os nosos relatores teñen sobrada formación nos temas que imos tratar e voules dar a palabra segundo a orde establecida no programa. Comezamos pois con Iñaki, que nos falará de prevención, para continuar con Joám, quen contará a súa experiencia dende un centro de saúde no rural, seguido de Xabier abordando a atención domiciliaria e rematando con Brígida, que se vai centrar na intervención social. Moitas grazas a todos pola súa presenza!

Bioética

2.1 ... A prevención

RELATOR → IÑAKI MARTÍN LESENDE (PAÍS VASCO)

O envellecemento exponencial demográfico da poboación, á vez que unha situación para afrontar, supón un reto para adecuar e mellorar a atención socio-sanitaria que se oferta. Aínda que España se prognostica como un dos países máis envellecidos a curto prazo, senón o que máis, non o será na clasificación de países con maior “esperanza de vida libre de discapacidade”; sendo este, aumentar os anos libres de discapacidade tanto a nivel individual como poboacional, o principal reto nesta realidade e un obxectivo global das políticas sanitarias.¹ Do mesmo xeito que a mellora socioambiental foi clave no aumento de esperanza de vida global, o enfoque para preservar a saúde (envellecemento activo) e prevención serán claves para evitar a discapacidade.

Na prevención nas persoas maiores hai que considerar dous aspectos fundamentais respecto de idades previas. Por unha banda, a esperanza de vida, e por outro **a funcionalidade** como elemento primordial e obxectivo ao considerarse como mellor indicador do estado de saúde global dunha persoa maior (OMS), e á súa vez directriz final para mantela; a súa valoración e medición adoita realizarse a través de escalas que valoran actividades (tarefas habituais) da vida diaria (AVD) e probas de execución ou desempeño específicas (probas relacionadas con mobilidade, marcha ou equilibrio). En íntima relación co concepto de funcionalidade está a **fraxilidade**, consistente nunha deterioración progresiva dos sistemas fisiolóxicos que nos serven para afrontar estresores ou desesta-

Bioética

bilizadores da nosa saúde, relacionado coa idade, que diminúe esta capacidade de defensa ou mantemento intrínsecos, o que lles confire maior vulnerabilidade a factores de tensións e maior risco de resultados adversos en saúde, tales como caídas e fracturas, hospitalización, institucionalización, discapacidade (odds cociente –OR–, risco, para alteración de AVD en fráxiles respecto de non fráxiles de 2 veces máis), e mortalidade prematura (OR 2,4).^{2,3}

O **envellecemento activo** comporta o proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar a calidade de vida a medida que as persoas envellecen; permítelles ás persoas realizar o seu potencial de benestar físico, social e mental ao longo de todo o seu ciclo vital e participar na sociedade de acordo coas súas necesidades, desexos e capacidades, mentres que lles proporciona protección, seguridade e coidados adecuados.⁴ Para lograr un envellecemento activo ademais da prevención e promoción da saúde, requírese un bo funcionamento físico (actividade física e exercicio), mental, autonomía, e vinculación e participación social.

Seguindo as recomendacións PAPPS (programa de actividades preventivas e de promoción da saúde) da semFYC (Sociedade Española de Medicina Familiar e Comunitaria),⁵ as principais **actividades preventivas recomendadas no Maior** son:⁶

1 → Actividades preventivas comúns con idades previas

Estilos de vida e exercicio físico. Cesamento do hábito tabáquico, redución ou supresión do consumo excesivo de alcol, mantemento dunha adecuada dieta tipo mediterránea e ocasionalmente suplemento ou complementos cando haxa un déficit, e o máis relevante en canto non só a prevención primaria senón a intervención: **actividade e exercicio físico;**

Bioética

hoxe en día cando se indica un exercicio físico, fundamentalmente cando se fai como “intervención”, recoméndase que sexa do tipo exercicio multicomponente (que combine aeróbico, de forza e resistencia, e de equilibrio). O exercicio físico é a intervención que máis efectividade demostrou na fraxilidade.

Recomendación de determinadas **vacinas**: tétanos-difteria (dose de recordo aos 65 anos), pneumococo (a todas as persoas \geq 65 anos inmunocompetentes, tanto a sans como aos pacientes con patoloxías de base ou factores de risco –enfermidade respiratoria crónica, hepática, cardiovascular, diabetes mellitus...–), e vacina antigripal (indicada de forma anual-estacional en todos os maiores de 60 anos).

Hipertensión arterial, **HTA**. En xeral recoméndase manter unha cifra de TA non superior a 140/90 mmHg, toléranse cifras 160/100 en persoas de 65 ou máis anos con baixo ou moderado risco cardiovascular, sobre todo se teñen idades máis avanzadas.

Hipercolesterolemia. Convén valorar a necesidade de empregar fármacos para reduci-lo fundamentalmente en base ao risco cardiovascular global e a idade; en pacientes maiores de 75 anos estaría indicado en prevención secundaria da enfermidade cardiovascular (para evitar a repetición de eventos cardiovasculares), sen existir evidencia de beneficio a partir desta idade en prevención primaria (para evitar a aparición dun primeiro evento cardiovascular).

Diabetes. Convén medir a glicemia (glicosa en sangue) polo menos cada 4 anos. E é moi importante un adecuado control desta patoloxía, pola súa repercusión tanto noutros órganos e saúde xeral, como na fraxilidade e

etéica

discapacidade en persoas maiores. Aínda así, os obxectivos de control nos pacientes diabéticos maiores de 75 anos ou fráxiles non han de ser tan estritos como no resto da poboación, máis cando levan longo tempo de evolución da enfermidade.

Cribado e diagnóstico adecuado e precoz de certos **cancros** (mama, cervix, colorectal etc.), cuxo detalle excede deste resumo.

2 → **Condicións máis específicas das persoas maiores e síndrome xeriátricas**

Medicación. Evitando e abordando a polifarmacia –toma de máis de 4 fármacos de forma habitual– (34 % dos maiores), medicación inadecuada, incumprimento terapéutico (30-50 % dos maiores), interaccións farmacolóxicas (28,5 %), reaccións adversas medicamentosas (RAM, 41 % en maiores de 75 anos e unha causa importante de ingresos hospitalarios nestas idades).

Caídas. Ao redor do 30 % das persoas maiores de 65 anos sofre unha caída ao ano, e a metade deles volven caer. Esta porcentaxe chega ata o 50 % ao aumentar a idade e naqueles internados en residencias xeriátricas. As consecuencias son moi importantes: fracturas (gran repercusión as de cadeira), “síndrome poscaída” onde o medo para volver a caer os pode limitar de forma moi importante... Recoméndase a todos os adultos maiores de 65 anos un cribado (detección sistemática) anual sobre historia de caídas. A intervención ante o risco de caídas é múltiple, abordando a farmacia, problemas médicos específicos (intervención de cataratas, control cardiovascular, pés...), exercicio e equilibrio, suplementos de vitamina D se hai déficit da mesma, factores ambientais e de contorna etc.

Bioética

Incontinencia urinaria. Aconséllase interrogar sistematicamente sobre a súa existencia, identificar o tipo, factores de risco e causas reversibles, e realizar un estudo básico.

Déficits sensoriais. A deficiencia **visual** importante afecta o 15 % de persoas de 80 ou máis anos. A deficiencia auditiva importante (**hipoacusia**), o máis frecuente por presbiacusia –dexeneración do nervio auditivo asociado á idade–, afecta o 25-40 % dos maiores de 65 anos e increméntase coa idade, superior ao 80 % en maiores de 85 anos; require descartar tapóns de cerume e a súa corrección potencial é mediante audífonos segundo o caso. Ambos os procesos teñen unha elevada repercusión tanto na funcionalidade como na calidade de vida.

Demencia. Un diagnóstico temperán favorece o establecemento dun plan de cuidados que permita evitar riscos, mellorar a calidade de vida do paciente e a súa familia, e implicar o paciente na toma de decisións futuras... A pesar diso, non se recomenda a detección sistemática (cribado) de demencia en poboación asintomática maior de 65 anos. A conduta aconsellable en Atención Primaria (AP) é estar alerta ante síntomas de alarma que fagan sospeitar unha deterioración cognitiva e realizar neses pacientes unha avaliación máis detallada que permita diagnosticar a demencia do xeito máis temperán posible. Recoméndase a realización de exercicio físico, alimentación saudable e prevención de factores de risco cardiovascular, en especial a hipertensión, polo seu efecto beneficioso sobre a saúde, aínda que non se demostrou de forma clara a súa influencia na prevención de demencia.

Ética

Fraxilidade. As recomendacións PAPPS 2018 con respecto a esta entidade son:

- Recoméndase a detección oportunista de fraxilidade en AP en persoas de 70 ou máis anos.
- As ferramentas de detección recomendadas no noso medio son as probas de execución.
- É aconsellable a monitoraxe de actividades instrumentais da vida diaria (AIVD) en persoas de 70 ou máis anos para detectar precozmente o declive funcional.
- Ante a sospeita de fraxilidade recoméndase unha valoración clínica de tipo multidimensional, ou en forma de “valoración xeriátrica integral” (VGI) nos casos establecidos ou máis avanzados, para corroborar a fraxilidade, valorar necesidades e establecer plans de intervención adecuados e individualizados.
- Recoméndase a actividade ou exercicio físico, adaptado en intensidade e estruturado (multicomponente), como intervención principal para previr e/ou atrasar a perda funcional na fraxilidade. Outras intervencións recomendadas son a intervención nutricional, revisión e adecuación da medicación e o correcto manexo de situacións clínicas coincidentes.

BIBLIOGRAFÍA

- 1 Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad (MSSSI). **Documento de consenso sobre prevención de fragilidad y caídas en la persona mayor. Estrategia de Promoción de la Salud y Prevención en el SNS.** 2014. Disponible en: http://www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/Estrategia/docs/FragilidadyCaidas_persona_mayor.pdf
- 2 Walston JD. **Frailty. UpToDate** (actualización en de marzo de 2018). Disponible en: https://www.uptodate.com/contents/frailty?source=search_result&search=frailty&selectedTitle=1-101

Bioética

- 3 Martín-Lesende I, Gorroñoñoitia A, Molina M, Abizanda P. **Persona mayor frágil: detección y manejo en atención primaria, Guías clínicas [Internet]. Fistera;** 2015. Disponible en: <http://www.fistera.com/guias-clinicas/persona-mayor-fragil-deteccion-manejo-atencion-primaria/>
- 4 Documento OMS (2002). <http://www.imsersomayores.csic.es/documentos/documentos/oms-envejecimiento-01.pdf>
- 5 Recomendaciones PAPPs <http://papps.es/>
- 6 Curso semFYC online de "Atención a las personas mayores desde la atención primaria (2ª edición)" <https://www.semfy.com/formacion-y-recursos/atencion-las-personas-mayores-desde-la-atencion-primaria-2a-edicion/>

Bioética

2.2 O centro de saúde

RELATOR → JOÁM CASAS RODRIGUES (GALICIA)

A atención primaria de saúde é un lugar privilexiado para observar e comprender o proceso do avellentamento e o ser ancián. Por unha banda o acompañamento da biografía das persoas en momentos importantes (como son as enfermidades, as perdas, as preocupacións de saúde), e por outra a presenza crecente das limitacións de saúde a medida que a persoa se volve vella, ofrécenlles ás profesionais dos centros de saúde unha relación profunda e experiencial cos últimos capítulos da novela da vida.

As visitas ao médico, ou do médico, enchen moitos días, cos seus preparativos previos e as súas cavilacións posteriores. A médica de familia, o enfermeiro, son persoas importantes na vida dos vellos.

Para as profesionais, a vellez e os seus contextos son emendas permanentes á educación cartesiana da medicina. A frecuente pluripatoloxía (e polimedicación) non pode ser entendida como unha simple suma de categorías diagnósticas e planos terapéuticos. A interrelación dos procesos patolóxicos é unha caixa negra cuxa complexidade está, na maioría dos casos, por abrir. Ademais, a carencia de probas médicas (“evidencias”) sobre terapéutica na pluripatoloxía e na ancianidade é notoria, polo que moitas das decisións se toman sobre o paradigma da parcelación do corpo, e por analogía coas poboacións máis novas, que son as máis frecuentemente estudadas nas investigacións.

Bioética

É a vellez contemporánea que nós observamos equiparable á de tempos anteriores? A medicina e a sociedade moderna mudaron a experiencia de volverse vella? Desde a atalaia dunha consulta de medicina rural, semella que ser vello mudou. En primeiro lugar, hai un maior uso dos servizos sanitarios, o que implica maiores intervencións médicas e maior esperanza de vida (teña esta relación ou non coa asistencia sanitaria) pero non necesariamente maior calidade de vida ou saúde autopercibida. Paralelamente ao resto das cousas de valor, a atención sanitaria é cada vez máis un ben de consumo.

Tamén parece difuminarse o concepto cíclico e integrado da vida, que se substitúe por unha visión lineal e illada na que a vellez se mira como a derrota final. Custa traballo convencer os pacientes que padecen as dores artrósicas ou teñen fame de alento por insuficiencias cardíacas ou respiratorias das vantaxes da idade avanzada citadas por Hermann Hesse: *"unha delas é a capa protectora de esquecemento, de cansazo, de afecto, que se interpón entre nós e os nosos problemas e sufrimentos. Pode ser desidia, anquilosamento, odiosa indiferenza; mais, vista con outra luz, pode significar tamén serenidade, paciencia humor, alta sabiduría e Tao"*.

Os vellos e vellas que atendemos malamente se resignan á desaparición da comunidade que foi o seu hábitat e á morte da civilización agraria. A perda da comunicación, do traballo e da convivencia entre pares está sen cicatrizar en moitos deles, e substituíla pola comunicación histriónica dos faladoiros televisivos "do corazón" é unha broma de mal gusto.

O sistema sanitario, pola súa vez, tamén non é igual. A tecnoloxía non só está máis presente e perfeccionada, mais tamén ocupa un lugar máis central no pensamento médico e no imaxinario das pacientes. Lugar que, ao desprazar o razoamento e compaixón médicas, outrora centrais, torna o modelo médico nun modelo reducionista. Na vellez conflúen dor física, perda dos seres queridos, desaparición do futuro, desfase cos cambios sociais, e a perda anticipada da propia morte. Mais a medicina só ve a dor física, en contra das evidencias (estas

ética

si, evidencias) emocionais e intuitivas da persoa enferma. Para convencer a sanitarias e pacientes de que o modelo biomédico é máis resolutivo, ofrécense as distopías tecnolóxicas, como a do control domiciliario de todas as constantes vitais posibles, sen máis resultado en moitos casos, que acentuar o medo á morte. *“¿Para sólo morir, /tenemos que morir a cada instante?”* din uns versos de César Vallejo.

Por outro lado, o aumento das necesidades percibidas polas pacientes e obxectivas pola profesión médica, vai parella á diminución de moitos recursos, nomeadamente os humanos. As consultas están masificadas, e moitas listas de agarda son tan indefendibles como inamovibles. A aparición da historia clínica informática integrada supuxo un cambio de gran magnitude, mais non se pode soste-lo aumento da demanda sumado ás novas tarefas informáticas (que rouban tempo e concentración), ás novas técnicas e ás funcións eternamente postergadas (investigación, atención comunitaria) cos mesmos recursos, ou menos. É unha fantasía pensar que isto non se traduce na morbilidade e na mortalidade. E, como é lóxico, o impacto é maior nas poboacións máis vulnerables.

Profundando na vulnerabilidade das anciás no Sistema Sanitario, cómpre falar da integridade como un dos valores ineludibles da asistencia. A coherencia biográfica debe ser respectada e estimulada máis que nunca na vellez (“somos seres en busca dun relato”). Por iso o sistema sanitario non pode ser culturalmente soberbio. É soberbio cando impón solucións tecnolóxicas (as citas telefónicas ou as citas web, por exemplo), ou cando utiliza unha linguaxe excluínte que inconscientemente idiotiza o interlocutor, que a maioría das veces posúe unha cultura e uns coñecementos profesionais non inferiores aos do sanitario. A viaxe ao hospital na ancianidade, percibida como viaxe terminal ou de chegada, está acompañada do desprendemento da roupa propia, da paisaxe e referencias xeográficas, das paredes da intimidade e da comunidade que as rodea. Cousas aparentemente inocentes como o ton de voz infantilizador, a exclusión do paciente do diálogo entre o médico e a familia, o desinterese polos fitos da súa

Bioética

biografía, ou a comunicación na lingua que medra en detrimento da propia, son facilmente descodificadas como mostra de desconsideración ou directamente desprezo.

A propósito da lingua, non caben nos cuidados dos múltiples aspectos da vulnerabilidade a equidistancia de cousas en situacións diferentes. Non se pode equiparar o medio matemático coa igualdade. A sociolingüística ensínanos o valor social dos dous idiomas maioritarios no noso país, o propio e o que non é o propio, e se falamos de atención á vulnerabilidade, particularmente na poboación anciá, os sanitarios debéramos ter unha opción preferente clara polo galego.

Tamén a autonomía, sempiterno principio nas xornadas e textos de bioética, está presente nas mudanzas do sistema sanitario. Aínda que queda moito que camiñar para darlle o poder sobre as súas decisións ás pacientes anciás, tamén é preciso reivindicar a “autonomía da autonomía”. A maximización da autonomía pode constituír unha imposición en culturas menos individualistas e máis comunitaristas que as anglosaxonas. Na práctica algunhas medidas concretas para promover a autonomía na relación asistencial son percibidas con incompreensión ou mesmo desconfianza polos pacientes. Algúns autores propoñen a “autonomía relacional” como alternativa, que pode resultar un principio máis próximo aos valores de unidade e solidariedade familiar que moitos pacientes senten como seus.

Por último, desde a consulta tamén se perciben cambios importantes na sociedade que repercuten nos vellos. O máis evidente, a vontade e a necesidade da incorporación dos dous membros da familia tradicional nuclear ao traballo asalariado ou autónomo, mais a persistencia da carga dos cuidados, ademais dos traballos domésticos, sobre a muller. A ecuación que integra horarios prolongados, salarios baixos, inestabilidade laboral, cuidado das fillas e dos vellos é irresoluble. A frustración das cuidadoras é maiúscula e palpable a diario na asistencia sanitaria. E o binomio necesidade/culpa da institucionalización da

ética

nai ou do pai é devastador emocionalmente para moita xente. O conflito asumir/delegar os cuidados é un dos conflitos éticos principais, se non o principal, que se cronifica nas nosas consultas. O debate social sobre as solucións non pode ocultar as súas raíces sociopolíticas. Son necesarias máis prazas en residencias e máis recursos de asistencia domiciliaria, pero se cousas como o modelo de traballo, o abandono do rural ou a desaparición da vida comunitaria non cambian, é difícil que se chegue a un equilibrio aceptable.

Dicía Paul Ricoeur que a existencia humana é unha síntese fráxil entre a perspectiva finita do corpo e o desexo infinito do sentimento. A finitude está sobrerrepresentada na ancianidade. Mais, paradoxalmente, son precisamente *“a fragilidade humana e a finitude os que determinan o noso desexo de beleza e de sentido”* (P. Kemp, J. Dahl Rendtorff). A vocación médica nace do instinto de protexer a persoa vulnerable, e como contrapartida, as persoas anciás regalan luz sobre a vida dos que cuidamos delas.

Bioética

2.3 A atención domiciliaria

RELATOR → XAVIER BAYONA HUGUET (CATALUÑA)

Indiscutiblemente o aumento da esperanza de vida leva un aumento da cronicidade e tamén da vulnerabilidade en etapas finais de vida. Este é o novo paradigma epidemiolóxico. Debemos, pois, repensar e adaptar a prestación da atención sanitaria e social das persoas con necesidades complexas de forma sensata.

A atención domiciliaria é aquela que se recibe no domicilio de alguén, ou en xeral, aquela na que os servizos de saúde prestados lles permiten aos seus usuarios continuar vivindo no seu fogar e contorna familiar. O termo “coidados a domicilio” (*Home Care*) designan de forma xenérica un amplo abano de servizos de apoio para persoas dependentes e con incapacidades. A denominación inclúe desde servizos de axuda para as actividades da vida diaria que requiren unha cualificación mínima, ata coidados profesionais que utilizan tecnoloxías sofisticadas.

A organización e a carteira de servizos prestados no domicilio son claves para unha asistencia sanitaria e social con valor engadido. Son moitos os pacientes que prefiren ser tratados na casa en vez de no hospital, e están máis satisfeitos e presentan menor número de complicacións. A valoración xeriátrica integral é unha boa ferramenta e a abordaxe protocolizada a domicilio de persoas maiores desfavorecidas economicamente mellora a calidade dos coidados, diminúe as urxencias hospitalarias, ademais dunha mellor detección e manexo de síndromes xeriátricas.

Un dos retos é diminuír a fragmentación destes coidados que se procuran a domicilio. Para iso, a gobernanza na provisión de servizos a domicilio (sanita-

1 Bioética

rio e social) debe localizarse non demasiado afastada (algúns apuntan a nivel de gobernos locais). Todo iso baixo o paraugas dun financiamento adecuado. A visión do sistema e profesionais debe estar centrada no paciente e as súas necesidades. Para o futuro próximo é necesario avanzar cara a un modelo de provisión de servizos domiciliarios baseada na coordinación de todos os seus actores, o equipo multidisciplinar coordinado.

Actualmente, segundo comunidade e territorio, desenvóléronse diferentes modelos de organización e xestión da cronicidade a domicilio ou de forma próxima ao domicilio. Unha das dificultades subxacentes é a falta de avaliación e publicación destas experiencias na nosa contorna. A literatura escrita predominante é de orixe americana e británica, cos rumbos supón unha posible extrapolación, aínda que as súas lecturas nos achegan ideas.

Está claro que non existe unha solución única para responder á cronicidade no domicilio do paciente, pero si que sabemos que cando os profesionais de diferentes niveis melloramos a comunicación o paciente gana. Tamén sabemos que cando se diseña un plan de acción para abordar as necesidades do paciente contando coas súas preferencias e valores, a satisfacción de pacientes, familia e profesionais aumenta. E tamén está claro que debe liderarse o proceso. Se predominan as necesidades sanitarias a enfermeira do equipo de atención primaria probablemente será a figura ideal para aglutinar e coordinar a atención. Se predominan as necesidades sociais, a figura que aglutine o proceso debería ser a traballadora social vinculada ao equipo de atención primaria.

A atención domiciliaria deste século XXI necesita un liderado claro da atención primaria, que debe contar, sen dúbida, coa colaboración coordinada de servizos sanitarios e sociais e doutros profesionais que lles engadirán valor e vida aos anos.

BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

Bayona Huguet X, Limón Ramírez E, Cegri Lombardo F. Propuestas para la atención domiciliaria del siglo XXI. *Aten Primaria* 2018;50:264-266.

Bioética

2.4 ...A intervención social

RELATORA → BRÍGIDA ARGOTE MARTÍNEZ DE LAGRÁN (PAÍS VASCO)

O envellecemento da poboación é un feito. Todos queremos envellecer e queremos facelo ben, en perfectas condicións funcionais e cognitivas, pero hai moita variabilidade, uns envellecen dunha maneira activa e saudable e outros con enfermidade e dependencia.

Os últimos datos que ofrece o INE, o día 1 de xaneiro de 2017, son que o 18,8 % do total da poboación ten 65 e máis anos e que en 2066 haberá máis de 14 millóns de persoas maiores, o que supón o 34,6 % do total da poboación.

Asturias, Castela e León, Galicia, País Vasco, Aragón e Cantabria seguen sendo as comunidades autónomas máis envellecidas con proporcións de persoas maiores que superan o 21 %. Murcia, Canarias e Baleares son as comunidades con proporcións máis baixas, por baixo do 16 %.

Téndese a considerar o envellecemento como un problema, polo custo económico e social que implica, con todo, trátase dun éxito de calquera sociedade avanzada, que está a conseguir que as persoas vivamos máis e en mellores condicións. O reto é saber xestionar esta realidade que se impón e que afecta a diversos ámbitos, pero sobre todo ao social e ao sanitario.

→ O **perfil das persoas maiores** está a cambiar. Os maiores do futuro, é dicir, nós, somos persoas con maior nivel de vida, maior nivel cultural, máis participativos, con maior conciencia e defensa dos nosos dereitos e máis conscientes de que debemos adquirir hábitos saudables que nos axuden a envellecer mellor e a gozar da vida de forma plena.

ética

- O **perfil das persoas que viven en residencias ou centros sociosanitarios** tamén é diferente. En xeral, son moi maiores, máis fráxiles, dependentes, con características máis complexas e que requiren coidados máis profesionalizados.
- A **realidade dos servizos de saúde** é que o 80 % das consultas de atención primaria e o 60 % dos ingresos hospitalarios son persoas maiores, con pluriopatoloxías que van dar lugar a dependencia, ás veces con deterioración cognitiva e/ou en situación de risco social. Son persoas que consomen máis recursos e máis fármacos.
- Os **modelos sociais e familiares** cambiaron, desenvolveuse a ética asistencial e o concepto de autonomía das persoas que nos obriga a ter en conta os seus valores, preferencias e opinións nos asuntos que lles afectan.

Todo isto sitúanos nun escenario no que non basta o tipo de coidado tradicional que se veu realizando ata agora. Para ofrecerlle unha atención de calidade á persoa maior están a promoverse novos modelos de atención integral, personalizada, interdisciplinar e interinstitucional, centrados na persoa, que visualicen as súas capacidades e que lles facilite os apoios necesarios para poder levar “a mellor vida posible”. Estes novos modelos implican un cambio de paradigma que afecta o deseño e planificación dos servizos e programas a desenvolver, pero tamén á intervención e á praxe profesional, para garantir o exercicio dos dereitos das persoas maiores.

Intervir, desde os diferentes ámbitos, de maneira disgregada xera problemas e dificultades como: parcialización da persoa que pode ocasionar que os obxectivos expostos poidan ser incompatibles, infrautilización dos recursos, insatisfacción tanto da persoa maior como dos e das profesionais etc.

Por todo iso, é necesario que se desenvolvan estratexias de coordinación entre os diferentes axentes (institucións, organizacións, profesionais, terceiro sector...) que interveñen en mellorar a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás,

Bioética

en xeral, e das persoas maiores en particular. Países como Holanda e os Países Nórdicos apostaron pola integración de ambos os sistemas e outros, como Francia e España decántanse máis pola coordinación entre os servizos sociais e sanitarios.

Esta coordinación ha de ser efectiva tamén con outros sistemas como: educación, vivenda..., e, por suposto, coa complementariedade do apoio informal co que conte a persoa na súa contorna.

A coordinación sociosanitaria non está exenta de dificultades debido á complexidade dos sistemas sanitario e social. Os sistemas de saúde e servizos sociais organízanse de maneira separada, cada un conta con estruturas, culturas e sistemas propios.

En xeral, as competencias atópanse repartidas entre as consellerías de Sanidade e a de Servizos Sociais; todas as institucións (Goberno, forais e municipais) teñen competencias na planificación e prestación de recursos sociais o que fai que se poidan dar duplicidades na planificación e prestación de servizos; o sistema sanitario é un dereito universal e gratuíto e existe unha definición dos recursos dispoñibles para atender as situacións de enfermidade e unha coordinación entre a primaria e a especializada, sobre todo para os pacientes crónicos mentres que os sistemas de soporte social carecen do carácter universal gratuíto e tenden a multiplicarse por non existir unha rede única.

A posta en marcha desta atención sociosanitaria require coordinación nos tres niveis de actuación: Macro (deseño de políticas públicas de atención, normativas e planificación de recursos), Meso (xestión das organizacións que prestan os servizos) e Micro (coordinación dos diferentes niveis de atención, no ámbito das relacións asistenciais, na casuística).

bioética

As intervencións que se vaian realizar neste marco deben ir encamiñadas a:

- Garantir a continuidade e fluidez na prestación dos servizos entre os niveis asistenciais sanitarios e dos servizos sociais.
- Identificar as portas de entrada e establecer itinerarios de derivación entre os distintos niveis de atención.
- Compartir instrumentos de valoración e seguimento polos profesionais de ambos os sistemas de forma que se empregue a mesma linguaxe e se garanta a continuidade na atención e os cuidados.
- Identificar de forma precoz os usuarios en situación de risco de dependencia ou exclusión social.
- Facer énfase na prevención, a promoción da saúde e a autonomía do usuario.

Tanto a nivel estatal como autonómico, levamos uns anos traballando para promover un cambio de paradigma asistencial cara a unha visión integral da persoa.

Neste sentido, no contorno da Comunidade Autónoma Vasca (CAV) existen varias iniciativas.

A nivel Macro, o Goberno Vasco impulsou, entre outras, a Estratexia Vasca de Envellecemento Activo 2015-2020 para contribuír á identificación dun modelo de gobernanza que lles dea a palabra ás persoas que envellecen e que axude a construír unha sociedade para todas as idades.

Dentro do paradigma do envellecemento activo hai unha iniciativa moi interesante, **Euskadi Lagunkoia**, para mellorar o benestar das persoas maiores. Ten como obxectivo incentivar a participación das persoas maiores e da cidadanía en xeral para a mellora de barrios e contornos nos municipios de Euskadi para que poidamos seguir facendo a nosa vida a medida que envellecemos.

Bioética

O poder levar a cabo unha vida activa e autónoma depende en gran parte, da amigabilidade do deseño urbano, da seguridade e da adecuación dos ambientes domésticos.

En canto ao nivel Meso e Micro, déuselle continuidade á coordinación sociosanitaria, tras máis de 20 anos dos primeiros acordos marcos, a través do documento **Prioridades estratéxicas de atención sociosanitaria en Euskadi 2017-2020**, que pretende aglutinar todas as visións, enfoques, tendencias e experiencia que, desde un enfoque baseado na atención centrada na persoa e a continuidade de cuidados de ambos os sistemas.

As intervencións dirixidas ás persoas maiores deben cumprir os requisitos de integridade, personalización e continuidade, pero, ademais, é unha obriga dos profesionais e das institucións que sexan correctas non só desde o punto de vista técnico, senón tamén ético. Un das accións que levaron a cabo foi a creación da Comisión Sociosanitaria de Comités de Ética de Euskadi que agora se trata de formalizar xuridicamente.

Outro aspecto para ter en conta é o cuidado de familiares no fogar que recae normalmente nas mulleres, pero coa idade acúrtanse as diferenzas de xénero e a partir dos 80 anos hai máis homes cuidadores dun familiar —xeralmente da súa parella— que mulleres (Observatorio Social A Caixa, maio 2018). Os maiores dependentes requiren apoios, pero tamén os necesitan os seus cuidadores, por iso son necesarios os programas de apoio a cuidadores (intervencións educativas, de orientación...).

Tine Rostgaard, profesora de Cidadanía e Persoas Maiores, Universidade de Aalborg (Dinamarca), di que para aumentar a calidade de vida dos maiores hai que axudarlles a ser máis independentes. Ela fala da Recapitación como proceso de reaprendizaxe destinado ás persoas con dependencia moderada cuxo fin é axudarlles a realizar con autonomía as actividades da súa vida diaria para que poidan permanecer nas súas casas o maior tempo posible.

Ética

Estes programas lévanse a cabo antes de que á persoa se lle asigne un recurso de axuda (servizo de axuda a domicilio, centro de día, residencia longo prazo etcétera).

Estamos na transición desde un modelo asistencialista cara a un modelo de servizos sociais moderno, comunitario, centrado no relacional; desde un enfoque de necesidades a un enfoque de dereitos das persoas.

Isto implica desenvolver servizos novos, adecuar os que existen, reordenar as competencias entre as institucións, consolidar equipos interdisciplinares cohesionados, tomar decisións e enfocar as nosas intervencións nas competencias e capacidades. Todo iso, coa participación e o protagonismo das persoas maiores e as súas familias.

BIBLIOGRAFÍA

- Abellán, A., Ayala, A., Pérez, J., Pujol, r. (2018). Un perfil de las personas mayores en España, 2018
Departamento de Políticas Sociales y Salud Pública. Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz. Plan Esatrategjéxico 2016-2020
- Roman, B., (2016). Ética de los Servicios Sociales
Prioridades Estratégicas de Atención Sociosanitaria Euskadi 2016-2020
- Rodríguez, p. (2010). La atención integral centrada en la persona
Ley 12/2008, de 5 de diciembre, de Servicios Sociales
- Fantova, F. (2014). Diseño de políticas sociales. Fundamentos, estructura y propuestas

9:15 → 09:30
PRESENTACIÓN

ANCIANIDADE E BIOÉTICA

José Antonio Seoane

9:30 → 10:30
CONFERENCIA
DE APERTURA

O FUTURO DO COIDADADO

Ramón Morera i Castell

10:30 → 12:30
MESA REDONDA

A MIRADA Á ANCIANIDADE DESDE...

Irene Esperón Rodríguez



O Servizo Galego de Saúde

María Sinda Blanco Lobeiras

O Servizo de xeriatria da EOXI de Vigo

Xosé Manuel Vega Andión

O Servizo de xeriatria da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

Rocío Malfeito Jiménez

A investigación universitaria (UDC) en xerontoloxía

José Carlos Millán Calenti

13:00 → 14:00
PRESENTACIÓN
DO DOCUMENTO

ÉTICA, VULNERABILIDADE E ANCIANIDADE

Ana Guillén Vilanova

